

## burela

Falamos cos voceiros da oposición, Manuel Rouco e Alberto Eiroá. **Páx. 6**

## a pontenova

Xa está lista a programación da 44ª Festa da Troita que será o 30 de abril e 1 de maio. **Páx. 7**

## ribadeo

Licitouse o estudo para avaliar alternativas encamiñadas á mellora do saneamento. **Páx. 13**

## lourenzá

O BNG di que desapareceu o camiño dende a ponte de Cuñas. **Páx. 19**

## o vicedo

A veciñanza poderá disfrutar da nova Ruta de pinchos durante este mes. **Páx. 20**

# Seguen os achados

A comarca e o mar continúan a amosar os tesouros agochados logo do novo descubrimento dunha turba nas Penas Rubias



## Mariñaencanto, o novo encontro da comarca

Iván Vale é o director artístico do novo proxecto que acolle agrupacións escolares de canto. **Páx. 3**

## Coñecemos ao escritor alfocego Lionel Rexes

Foi premiado recentemente e di que Alfoz "é unha fonte de materia inesgotable" **Páx. 17**

## Amigos dos Cans de Foz



A asociación focega organiza o Perrotón Vila de Foz en xuño. **Páx. 9**

## Colonias Rueiras



Colonias Rueiras axuda na xestión das colonias felinas de Viveiro. **Páx. 11**

## I Festival do Guioncho



Está organizada pola A.C. Comisión de Festas de Lieiro e será o 13 de abril. **Páx. 15**

## 25 millóns de euros para 67 concellos

A Deputación aprobou por unanimidade o Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024. **Páx. 27**

# FIBRA CON WIFI6

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo · TV



Fibra 1.000 Mb  
Móbil 20 GB

+ 10 GB Extra GRATIS

**25€**  
/mes  
Durante 9 meses 41€/mes



Con regalo Amazon.es

\*Aplicanse restricións. Ver os detalles en:  
amazon.es/cheques-regalo-condiciones

Se tes un familiar ou veciño de +65 anos, temos unha **OFERTA ESPECIAL** para el

Chama gratis ao **900 651 679**

**adamo.es**



# A MARIÑA

## Os concellos axudan cos trámites do rexistro de galiñeiros particulares

Trala implantación do Goberno central do rexistro das explotacións avícolas destinadas ao autoconsumo, varios concellos da Mariña están a axudar aos particulares cos trámites para rexistrar estes galiñeiros.

Esta obrigatoriedade afecta aos currais avícolas cuxa finalidade sexa o autoconsumo familiar onde se manteñan aves das especies de galiñas, polos, parrulos, ocas, pavos, pintadas, paspallás, perdices, faisáns ou pombas.

Estas explotacións, excepto o seu rexistro, non teñen que cumprir ningún requisito adicional, pois a única finalidade deste trámite é o recoñecemento da súa existencia e localización por parte da autoridade competente en materia de sanidade animal, información necesaria en situacións de riscos sanitarios por enfermidades das aves nas que se precise o seu control pola autoridade competente.

O incumprimento da medida pode dar lugar a un apercibimento, se non hai mala fe por parte do afectado, ou a sancións de entre 600 e 3.000 euros.

Así, dende o Vicedo, o alcalde, Jesús Novo, dixo que “poñemos a disposición do veciños os recursos do Concello para os trámites”. No Concello de Cervo tamén indicaron que “a cidadanía que posúa un galiñeiro na súa vivenda poderá rexistralo desde as oficinas municipais sen necesidade de ter que acudir á Oficina Agraria Comarcal”.

## Mariña Patrimonio descobre útiles do paleolítico nunha praia

Manuel Miranda, presidente do colectivo cultural Mariña Patrimonio, vén de comunicar un novo achado na comarca da Mariña. Este descubrimento consta de varios útiles paleolíticos é foi localizado na turbeira da praia de Arealonga, en San Miguel de Reinante. Baixo as áreas desta praia, atópase unha significativa turbeira que preserva os vestixios dun antigo bosque. Precisamente, nos últimos temporais deste inverno o mar retirou gran cantidade de area, deixando visible a turbeira.

Nesta ocasión, o mar descubriu a turba na zona das Penas Rubias, onde a acción da erosión provocada polas ondas creou formas curiosas e rechamantes sobre a mesma. Estas formas chamaron a atención de moita xente e as imaxes da turba foron amplamente compartidas nas redes sociais.

A asociación Mariña Patrimonio, que leva anos documentando fotograficamente a aparición deste antigo bosque, observou neste mes de marzo entre a turba varios útiles paleolíticos. Tras comunicar a descuberta á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, arqueólogos desta entidade desprazáronse ata a praia de Arealonga para inspeccionar a zona, onde apareceron os restos arqueolóxicos, e facerse cargo das pezas líticas atopadas por Mariña Patrimonio.

A turbeira de Arealonga, que só se pode ver nalgunhas ocasións tras



un temporal, non deixa de dar sorpresas. Cómpre lembrar que nesta mesma turbeira, en 2014, apareceron restos óseos de animais que habitaron neste antigo bosque. Estes ósos, entre os que destacan fragmentos de mandíbulas e cornamenta de cérvidos, así coma ósos de cabalo e vaca, foron estudados pola paleontóloga Aurora Grandal. A datación realizada por esta investigadora mostrou que os restos máis antigos atopados na turbeira de San Miguel teñen unha antigüidade duns 4800 anos.

Por outra banda, tamén é interesante saber que a tradición popular sostén que nesta praia de Arealonga atópase a cidade asolagada de San Miguel de Vilachá, que foi afundida por mor dun castigo ou posible maleficio. Cóntase que nos anos en que os temporais levaban a area podían verse as trabes das casas e os restos das árbores desta desafortunada vila.

## Alcoa xa é propietaria do 100 % da planta de alúmina de San Cibrao

A empresa estadounidense Alcoa xa é propietaria do 100 % da planta de alumina de San Cibrao trala compra de accións por valor de 2.200 millóns de dólares, uns 2.000 millóns de euros, da empresa australiana Alumina Limited coa que compartía a propiedade da factoría.

Esta situación preocupa ao comité de empresa a cal xa expresaron o seu malestar á Xunta e ao Goberno central. Así, desde ambas as administracións solicitan a Alcoa transparencia e o Goberno do Estado convocou para este vindeiro día 21 en Madrid unha reunión de seguimento entre todas as partes.

“É un fito no noso camiño para ofrecer valor tanto aos accionistas de Alcoa como aos de Alumina”, afirmou William F. Oplinger, presidente e director executivo de Alcoa. “Esta transacción brinda mellores oportunidades para a creación de valor, incluído o fortalecemento da posición de Alcoa como un dos maiores produtores de bauxita e alumina do mundo e brinda aos accionistas de Alumina Limited a oportunidade de participar nunha empresa combinada máis forte, mellor capitalizada e con potencial de crecemento. Esperamos aproveitar o éxito de Alcoa e continuar executando a nosa estratexia a longo prazo”.

Dentro dos termos do acordo os accionistas de Alumina Limited recibirían unha contraprestación



de 0,02854 accións de Alcoa por cada acción de Alumina Limited. Unha vez completada a transacción, os accionistas de Alumina Limited posuirían o 31,25 % e os accionistas de Alcoa posuirían o 68,75 % da compañía combinada.

**MOBILIZACIÓNS.** Desde a CIG e CC.OO. din que “haberá que seguir o mesmo camiño que hai tres anos se queremos que Alcoa cumpra o seu acordo”. Polo que o sindicato pide ás administracións que estuden as accións legais pertinentes que garantan o cumprimento do acordo, especialmente o relativo ao forno de cocción de ánodos, e que atopen unha fórmula de intervención que garanta o emprego dos centos de traballadores.

“Temos que impedir que a comarca se converta nun deserto industrial e para iso hai que arrincar o compromiso de que os Gobernos central e galego actuarán”, din.

## XLIV FESTA DA TROITA

### à pontenova 2024

DECLARADA DE INTERESE DEPORTIVO NACIONAL

MELLOR EVENTO DEPORTIVO DE ESPAÑA 2022

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO

Nominada a mellor evento deportivo 2023

X Concurso de Salmón

XVI Concurso Internacional de Mosca

XLIV Concurso Popular

### 30 de Abril:

- 09:00 - Eugenio Linares (Escultor con motosierra), días 30 de Abril y 01 de Maio
- 19:00 - Inauguración da Troita mais grande do mundo
- 19:30 - Inauguración das novas pedras no “Paseo do Pescador”
- 20:15 - Visita o Museo da Pesca
- 21:00 - Entrega pública das distintas Troitas de Ouro, Recoñecementos e S de Honra
- 21:30 - Pregón a Cargo de Odile Rodríguez de la Fuente (Presidenta Fundación “Félix Rodríguez de la Fuente”)
- 22:00 - Apertura da Caseta e degustación de Troitas  
Verbena polas Orquestras **CINEMA e CAPITOL**

### 1 de Maio:

- 07:00 - Concentración de Pescadores na “Praza dos Fornos”
- 09:00 - Comenzo concursos de Pesca (Lance, Salmón e Mosca)
- 13:30 - Remate dos Concursos, Pesaxe e clasificación.  
- “Macro” Sesión Vermout coa Orquestra **TRÉBOL**
- 14:30 - III Campionato de Billarda “FESTA DA TROITA”
- 18:00 - Entrega trofeos no Salón de Actos da Casa da Cultura



# “É un encontro de coros infantís, xuvenís e escolares”

Iván Vale é o director artístico do novo proxecto Mariñaencanto

Iván Vale Fraga, profesor do colexio Lois Tobío de Viveiro, é o director artístico do novo proxecto Mariñaencanto, un encontro de agrupacións escolares de canto.

## Que é Mariñaencanto?

É un encontro de canto coral non competitivo no que participan 10 centros de ensino da Mariña e que contará con, aproximadamente, 200 nenos.

## En que consiste?

A efectos prácticos terá lugar durante a fin de semana do 19, 20 e 21 de abril. Malia que o gran concerto no que poderemos desfrutar dos 200 nenos será o domingo 21 ás 12.30 horas no auditorio de Burela. O venres, a directora Elena Rosso, de Luanco, que ademais é directora dalgún dos coros dos máis potentes que hai en España, ensaiará con algunha das agrupacións nos seus centros educativos, e o sábado transportáremos a todos ao auditorio para que ensaien xuntos. Ademais, contaremos con gradas no escenario para que todos os nenos sexan visibles.

## Como se xestou esta idea?

Xurdiu a través de ver o que se facía en Ourense, co Ourencanto, que é un encontro de coros infantís, xuvenís e coros escolares, no que, durante tres días, 400 nenos e mozos conviven, participando nunhas xornadas de canto coral, coordinados por un dos compositores e directores máis relevantes do panorama internacional, e que finaliza cun gran concerto ofrecido por todos os participantes. Foi un proxecto pioneiro que busca fomentar e difundir o canto coral entre a mocidade.

## Como se preparan os profesores e os nenos?

Pois durante o mes de xaneiro os mestres de 10 centros educativos da Mariña recibiron unha forma-

ción con Elena Rosso. Este profesorado aprendeu 10 obras as cales durante estes meses estiveron ensinando aos seus alumnos. Así, o día do festival, os nenos xuntáranse e cantarán estas obras baixo a dirección de Elena. Para os nenos é unha oportunidade moi boa para traballar cunha directora de prestixio. E para os profesores é unha posibilidade de coñecer un repertorio de cancións que na súa maioría descoñecían, e sobre todo, facer un evento non competitivo de canto común que ao final nos parece moi boa idea independentemente

cántase unha canción dese lugar. Son cancións folclóricas e teñen a súa parte coreográfica e que fan os propios nenos. Por exemplo, en Xapón os nenos crearon os seus propios abanos con pratos de papel, en Oceanía cantarán de xeonllos e cunha coreografía bastante elaborada. É dicir, que non é so cantar.

## Quen participará?

Neste caso será o coro do meu propio centro o CEP Lois Tobío de Viveiro, que este ano conta cuns 50 nenos aproximadamente, dous coros do Conservatorio de Viveiro,



vir unha persoa invitada diferente, pois cremos que é moi enriquecedor. Normalmente en Ourencanto e en Burgosencanto faino a mesma persoa, Josu Elber-

## E inconvenientes?

Para min non. No meu caso o que o máis me preocupa é que hoxe en día, a verdade, o tema da fonación é bastante deficiente, cantar debería ser un proceso natural parecido ao de falar e detecto que non é así. Eu estou moi atento sobre todo a forma de emitir os sons xa que realmente si que coas tesituras as que chegamos se poden facer dano se se fan mal, polo que é certo que hai que ter un mínimo de coñecemento de como funciona a voz ou de como facer unha emisión correcta para cantar.

En todo caso, aínda que non fose así, están mellor cantando nun coro con unhas certas normas de como se canta que berrando nun patio, por exemplo.

## A canción sempre estivo moi presente na vida cotiá. Nos labores do campo, nas celebracións, etc. Segue sendo así?

Eu creo que o número de xente que canta hoxe en día estase reducindo. Mesmo entre o profesorado de música en ocasións o canto é algo ao que lle dedicamos menos tempo que ao instrumental. No festival traballaremos con repertorio infantil e xuvenil que, aínda que sexa con compositores actuais, parten moito da música tradicional. Por exemplo, as veces adoitamos poñer cantos de labor e que son súper rítmicos, creados así obviamente para que todos fosen o mesmo ritmo no traballo.

*Podes ler a entrevista completa en [www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)*



de que tamén existan concursos ou festivais. O importante é facer algo bo e de unión e, sobre todo, traer un evento así ata a Mariña e que está xa funcionando en Ourense e en Burgos e ter a posibilidade, mediante a fundación Bal y Gay, de facelo nun sitio aparentemente con menos posibilidades como é A Mariña.

## Sobre que tratan estas 10 obras?

O espectáculo non so consiste en cantar, senón que tamén conta cunha narradora, Rebeca Palmeiro, que irá contando unha viaxe polo mar que parte de Europa ata América, Asia, Oceanía, África, etc, entón en cada punto o que chegamos

que tamén ten unha formación xuvenil estable; logo os coros da Escola Municipal de Música de Foz e o do Sagrado Corazón de Ribadeo, así como os nenos do proxecto da Fundación Bal y Gay “Música no rural”. Ademais haberá participantes dos colexios de O Barqueiro, de Burela (Virxe do Carme e Vista Alegre), de Nois, e tamén vén o coro Cantiga de Ourense, porque estivo a creadora de Ourencanto na formación de xaneiro e animouse a vir co seu coro tamén.

## Gustaríalle que fose un evento anual?

Si, de feito a nosa idea sería que se se repite cada ano puidese

din, pero aquí pensamos en ter persoas diferentes. Pensamos que sempre é fermosos ter visións distintas do mesmo evento. Tamén sería estupendo abrírnos a máis centros educativos que quixeran unirse.

## É bo cantar?

Por suposto. Os beneficios que ten cantar son moitísimos, por exemplo os memorísticos porque cantamos todo de memoria, tamén a nivel motriz e de facer equipo, pois non é o mesmo cantar individualmente que en grupo. Ademais está o tema da diversión, as amizades, o equipo... Para min as vantaxes son incontables.

## Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?





## Concello e Xunta concretan a proposta para a nova depuradora



A Xunta trasladoulle ao Concello de Burela a proposta de convenio para executar a nova depuradora de augas residuais, que suporá un investimento de 8,7 millóns de euros.

Segundo a proposta trasladada pola directora de Augas de Galicia á alcaldesa, o Goberno galego achegará o 95 % do investimento para a execución da nova depuradora, que contará co cofinanciamento a través dos fondos europeos Feder, correspondéndolle chegar o 5 % restante ao Concello.

As actuacións proxectadas teñen como obxectivo solucionar as deficiencias detectadas na actual depuradora, que foi construída no ano 1999, e mellorar o funcionamento do sistema de saneamento local.

A solución adoptada consiste nun proceso de tratamento de lodos acti-

vos en modalidade de aireación prolongada, dispoñendo dun reactor biolóxico en forma de coroa circular ao redor dos decantadores secundarios, o que permite unha instalación máis compacta que reduce o espazo de implantación. Estas obras para a mellora do saneamento completaranse coas do colector xeral e a execución dunha estación de bombeo e pretratamento que recollerá a maior parte das augas residuais do municipio para impulsalas cara á futura nova depuradora.

Tamén se renovará a rede de colectores xerais para dirixir as augas residuais á nova estación de bombeo e construíranse colectores secundarios para dar servizo á zona portuaria, reducindo a infiltración de auga ao sistema na zona da fronte marítima.

## O PP critica que o peche perimetral do campo da Marosa estea paralizado

“A mala praxe á hora de xestionar o Concello leva ao Goberno local a renunciar a unha axuda de máis de 40.000 euros que xa lle tiña concedida a Xunta para a renovación do peche perimetral do campo de fútbol A Marosa”, afirman os populares. “Todo parece indicar que esta mellora queda pendente porque o proxecto está paralizado”, lamentan. Esta é “unha mala noticia para os usuarios desta instalación deportiva”, subliñan. Neste caso, os concelleiros populares cren que “o bipartito non presentou unha oferta atractiva e polo tanto non houbo empresas que se presentaran ao concurso para executar este proxecto”.

**AXUDA.** “O Concello de Burela rexeitou unha subvención de

40.165,30 euros que a Xunta de Galicia”, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, lle tiña concedido para esta actuación ao abeiro da convocatoria de axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixida a concellos para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable, para os anos 2023 e 2024.

“Mentres que a Xunta amosa vontade de colaboración co Concello e ofrece axudas para acometer melloras no noso municipio, a xestión do bipartito supón atrancos para o desenvolvemento de Burela e reléganos á cola da Mariña”, conclúen os populares.

## Dous proxectos poñerán en valor o sector do mar na vila

O Concello presentou dous proxectos ao programa de axudas do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura (FEMPA), na convocatoria correspondente ao 2024.

A alcaldesa de Burela, Carmela López, destaca que os dous proxectos presentados “poñen en valor o papel fundamental que o sector do mar ten na nosa vila, e neles teñen un peso clave a mocidade e o tecido asociativo”.

O primeiro dos proxectos presentados é ‘Burela alumea – O espello do Faro’. Á espera da súa avaliación para a súa posta en marcha, o proxecto foi creado en torno ao patrimonio material pesqueiro e a súa conservación e difusión.

Este proxecto xira arredor do molde do Faro de Burela, empregado para a reparación deste tras os estragos sufridos polo mesmo no temporal do ano 2014. A reparación do molde, e a realización dunha obra artística na estrutura, farán que este “funcione como espello” en terra do Faro no mar”, explica Carmela López.

Está enfocado a promover a participación das mozas e mozos de Burela, que exercerán como “detectives e difusores do patrimonio pesqueiro da



vila a través de obradoiros de radio e fotografía”, sinala a alcaldesa.

O segundo proxecto presentado denomínase ‘Ondas limpas – Programa de sensibilización e acción ambiental na contorna da Marosa’. Céntrase na concienciación comunitaria arredor do coidado do medio ambiente.

Consta de distintos eixos de acción: recollidas de lixo plástico nos areais, realización dunha obra artística con materiais de refugallo nun local no

complexo deportivo municipal da Marosa, e realización de traballos técnicos para a erradicación da uña de gato no areal.

Este proxecto, ademais, “pon o foco na importancia dos deportes no mar como xeradores de actividade económica e benestar social da veciñanza”, destaca López. Conta tamén coa vinculación do sector pesqueiro, e está dirixido á mocidade e ao tecido asociativo da vila.

## Créase unha pausa activa para reducir o sedentarismo



O Concello organizará unha pausa activa todos os días de luns a venres. Terá lugar de 12.00 a 12.05 na praza do Concello.

Esta iniciativa busca contribuír a reducir o sedentarismo derivado particularmente de traballos que requiren permanecer máis de dúas horas seguidas sentado.

“Queremos que a saúde sexa o centro de todas as políticas do Concello, e por iso impulsamos esta actividade, para seguir garantindo que as eleccións máis

saudables sexan tamén as máis fáciles”, sinala Carmela López, alcaldesa de Burela.

“Convidamos a toda a veciñanza a participar desta iniciativa, que só require un instante e pode marcar a diferenza na saúde de moitas persoas”, afirma a rexedora.

A pausa activa dáse no marco da colaboración entre o Plan de Saúde Local do Centro de Saúde de Burela e a Estratexia de Promoción da Saúde do Concello de Burela.

## O cemiterio parroquial xa conta con alumeado grazas á recadación veciñal

O cemiterio parroquial de Burela xa conta con alumeado grazas á recadación por parte de varios veciños. Así, conseguiron recadar fondos para cambiar o alumeado por un de baixo consumo.

Dende hai anos as luces do cemiterio estaban apagadas durante a noite, por iso os veciños cren que cambiando as luminarias por unhas de tecnoloxía Led, o custos de mantelas acendidas era asumible para a parroquia. Segundo os veciños “finalmente o custo da obra foi de 910 euros xa que houbo que cambiar tres tulipas que estaban moi deterioradas e unha lámpada”.

Conseguimos recadar 1.225 euros polo que agora contan cun remanente de 315 euros e seguen a recadar cartos para “seguir mellorando a infraestrutura, como é a rehabilitación do muro lateral do cemiterio pois está en moi mal estado”.



## Vanse renovar os xogos do parque do Cantiño con fondos municipais

O Goberno local deu comezo esta semana aos traballos de renovación dos xogos do parque infantil do Cantiño. O investimento nesta obra é de 40.000 euros, provinte de fondos municipais.

“Trátase dun parque moi empregado especialmente no verán, pero os xogos do mesmo estaban xa bastante deteriorados”, explica o concelleiro de Obras, Ramiro Fernández Rey. Para o edil, o resultado da actuación “vai chamar a atención, posto que os novos xogos van ser moi novidosos, eu penso que os nenos e nenas de Burela van desfrutalos moito”.

“Estas obras encádranse nun plan de renovación de parques infantís, que iremos avanzando proximamente e que axiña chegará a outros puntos do municipio”, explicou Fernández



Rey. “Nos vindeiros meses vanse realizar diversas actuacións, por exemplo no parque Rosalía”, sinalou. Tamén “no parque do Campón, que actualmente non é moi utilizado pola cativada, e consideramos que as actuacións previstas van cumprir coas súas expectativas e coas dos

seus pais e nais, para darlle unha maior relevancia”, engadiu.

O concelleiro destacou que “Burela ten unha poboación nova e con moitos nenos e nenas, polo que é imprescindible que os espazos de xogo estean nas mellores condicións posibles”.

## O concerto homenaxe a Mecano ‘Hija de la Luna’, será o día 13

Burela acolle o concerto ‘Hija de la Luna’, homenaxe a Mecano. Será o vindeiro 13 de abril, sábado, ás 21.00 horas. Este tributo á mítica banda española poderase desfrutar no auditorio municipal.

O parecido físico e vogal de Robin Torres con Ana Torroja é sen dúbida a clave do éxito deste grupo sevillano e o que diferencia á banda por encima de calquera outro tributo.

Pasaron case 30 anos desde que Mecano presentase a súa última xira Aidalai Tour, e dúas xeracións despois, a súa música segue moi presente entre o gran público. Para conmemorar o 25 aniversario, en 2016 nace ‘Hija de la Luna’, un proxecto homenaxe ao grupo máis importante do pop en español.

## As patronais contarán coa Panorama, El Combo Dominicano e París de Noia

As festas patronais de Burela celebraranse do 31 de maio ao 3 de xuño. A comisión comezou a debullas as orquestras que amenizarán a festa.

Así, o venres 31 de maio comezaran abrindo as festas as orquestras Olympus e Claxxon, seguira o sábado 1 de xuño con Neón e New York, o domingo 2 será a quenda da orquestra Principal e El Combo Dominicano, e o luns 3 de xuño poñerán punto e final a estas celebracións Arizona, Panorama e París de Noia.

## A alcaldesa reasigna parte do seu salario entre 4 concelleiros

A alcaldesa de Burela, Carmela López, vén de reasignar parte do seu salario como rexedora local que é duns 40.000 euros brutos anuais e dunha dedicación exclusiva, entre catro concelleiros.

Así, desde que tomou posesión o pasado 30 de xaneiro como deputada provincial onde leva a carteira de Economía, Facenda e Especial de Contas, distribúe o seu salario entre catro concelleiros bureleses. Esta proposta, que foi aprobada no Pleno cos votos a favor do BNG e PSOE, reasigna así 4.000 euros máis anuais ao concelleiro de Obras, Benestar comunitario, Turismo e Mar, Ramiro Fernández Rey e pasará a cobrar unha dedicación parcial de 16.000 euros anuais.

A concelleira de Economía e Facenda e Festas e Festexos, Patricia Eijo, cobrará unha dedicación parcial de 12.000 euros anuais; a concelleira de Cultura e Comercio, Lina

Gómez, percibirá unha dedicación parcial de 8.000 euros anuais, e o edil de Deportes e Sanidade, Carlos Méndez, cobrará 7.000 euros.

Tralo reparto salarial quedan 9.000 euros de remanentes que pasarán a formar parte do capítulo de gastos de persoal.

**PARTIDO POPULAR.** Dende o PP local condenan “a diferenciación no salario que percibirán as concelleiras con respecto aos seus homólogos homes. Especialmente “cando a alcaldesa hai pouco abandeiraba a loita pola igualdade entre homes e mulleres, pero agora premia cun 12 % máis de salario por unidade de xornada laboral aos seus concelleiros que ás súas concelleiras. Parece que para o Goberno local o labor das súas concelleiras é menos importante ou debe ter menor retribución que a dos concelleiros homes”.



**OBRADOIROS ODS.** O persoal do Concello de Burela participou nos obradoiros ‘Todos os ODS son locais’, levados a cabo polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade no Concello de Viveiro.

## O Vencello celebrará o centenario do edificio da Escola Vella



A asociación de veciños O Vencello de Burela está a preparar unha homenaxe unha serie de actos polo centenario do edificio que fixeron os indianos de Bos Aires para albergar a escola municipal e foi inaugurada en setembro de 1924.

“O edificio está situado onde se atopa na actualidade a unidade de drogodependencias”, sinala a presidenta do colectivo, Bríxida Pino. Así, puxéronse en contacto con Museo Pedagóxico de Galicia ou Mupega para poder expoñer na casa de la cultura un aula como as “que había antes” e están a preparar una mesa redonda sobre as escolas indianas.

“A nosa idea é facer unha mostra sobre como era a típica escola”, di Pino, “é gustaríanos contar con fotos antigas e material, o cal pedimos ao Mupega, Museo do Pedagóxico de Galicia, e tamén á veciñanza”.

“Aproveitando esa efeméride tamén queremos homenaxear a todos os emigrantes desa época”, explica Pino, “gustaríanos conseguir un listado ou fotos dos centos de emigrantes que foron a América, como son postais, maletas, o típico baúl, etc. E estamos en con-

tacto con algunhas familias que sabemos que tiveron emigrantes”.

**A ESCOLA.** O edificio escolar é dunha soa planta rectangular e segue a tipoloxía arquitectónica dos edificios escolares promovidos nos concellos veciños pola sociedade Centro Hijos del Partido de Viveiro en Buenos Aires. Esta sociedade foi creada por un grupo de emigrantes naturais dos concellos de Viveiro, Cervo e Xove residentes en Bos Aires e socios do Centro Vivariense, entidade fundada en 1908 na capital argentina. Consta dun pavillón central que serve de distribuidor e que resalta en planta e en altura, e de dúas alas onde estaban situadas as dúas aulas. O recinto, que abarca tamén un extenso terreo, estaba murado cunha tapia que non se conserva. A fachada principal conta como elemento decorativo principal cun frontón curvo flanqueado de pináculos e parapeto, sen inscrición; tamén destaca a escalinata de acceso. O edificio está moi rehabilitado debido á súa nova funcionalidade, xa que dende 1987 acolle a Unidade Asistencial de Drogodependencias





## A oposición burelesa está formada por Manuel Rouco, do PP, e Alberto Eiroá de SON Burela

Á fronte do Concello de Burela atópase por primeira vez unha muller, a socialista Carmela López, que fora Concelleira de Servizos Sociais e Mar no anterior Goberno de Alfredo Llano. Para poder gobernar tivo que facer un pacto de Goberno co BNG. En Burela tamén existen dous partidos á fronte da oposición, o veterano Partido Popular e o novo SON Burela, creado no 2022. “Un dos papeis fundamentais da oposición é o de control e fiscalización do labor do equipo de Goberno. Ademais, cremos que a oposición debe facer chegar ao Concello os temas que lle solicitan os veciños”, di Manuel Rouco, concelleiro do PP, e desde SON Burela basean o seu papel de oposición “sobre tres conceptos: vixiar a xestión do goberno, cuestionar as súas decisións e facer propostas. Ademais disto, sempre traballamos con respecto”.

Manuel Rouco, do Partido Popular, é concelleiro dende xuño do 2019, despois de encabezar a candidatura para as eleccións de 2019 e 2023. É o principal grupo da oposición tras quedar a 4 votos do PSOE. Pola contra, Alberto Eiroá, tras unha sobremesa con varios amigos, comezou a “intentarr arranxar o mundo”, o que foi a semente do partido político. Despois presentouse ás eleccións e logrou o apoio necesario da veciñanza para que o seu partido obtivese representación no Concello cun só concelleiro. Para ambos edís é importante “escoitar aos veciños e aos distintos colectivos, atendendo ao que precisan e tratando de aportar ideas e solucións para mellorar a súa vida diaria”, di Rouco, “estamos en contacto permanente coa veciñanza para coñecer as súas demandas e trasladalas”, engade Eiroá. Ambos partidos aportan propostas pois “é a mellor forma de axudar a mellorar a vila”, engade Eiroá.

Formar parte da oposición non é un labor fácil xa que “supón buscar tempo á marxe do traballo de cada un e do resto de tarefas da vida diaria de cadaquén”, di Rouco, malia “a vocación de servizo público é fundamental, por iso é gratificante ser útil aos veciños e aportar ideas”. Eiroá di que “o sacrificio máis grande chega no momento en que te das conta de que tes que asumir, que todo o traballo que podes facer, as iniciativas que podes aportar e as



opinións para mellorar Burela, non serven para moito, pois no noso caso a alcaldesa deixou ben claro nun Pleno que o Goberno local vai facer o que queira cando queira”, pero tamén destaca que os dous grandes beneficios son “a relación coa veciñanza e coas asociacións, e outro é a motivación persoal para traballar en non defraudar a esas 283 persoas que depositaron a súa confianza en nós”.

ticos co Goberno local, do que din que “fan unha promoción e publicidade de si mesmos moi boa, é digno de admirar. Facer promoción de eventos organizados e traballados pola veciñanza e polas asociacións da vila, de tal forma que o Concello remata adxudicándose o mérito, non o consegue calquera”, di Eiroá, ao que Rouco engade, “é boa tentando facerlle ver a parte dos veciños que fai algo, cando a realidade

para Alberto Eiroá “non estamos a favor nin estamos en contra, para iso existen normativas que regulan estas situacións”.

Dentro dos programas e propostas que presentou o Partido Popular, as súas tres principais liñas de actuacións e coas que se presentaron ás eleccións son o asentamento da poboación, de empresas e a dinamización económica e social. Ademais, Rouco di que dentro das necesida-

**“Ter lealdade coas asociacións, co comercio local e con todos os sectores do municipio para facer de Burela un pobo con vida e con futuro”, di Alberto Eiroá**

**“O labor da oposición non é fácil e ter vocación de servizo público é fundamental, por iso é gratificante ser útil aos veciños e aportar ideas”, sinala Manuel Rouco**



O Partido Popular xa estivo no Goberno anteriormente polo que di que “contan con experiencia suficiente e cun proxecto de presente e futuro”. O seu obxectivo é cambiar a dinámica actual de perda de poboación e servizos a través de políticas que fagan atractivo vivir e traballar en Burela. “Queremos que a nosa vila volva ser un referente na comarca da Mariña”.

Son Burela pola contra cre que de chegar a gobernar tratarían de ser “lóricos, xustos e leais. Pois a lealdade de cara ós veciños pasa por cumprir coa palabra que se lles dá. Ter lealdade coas asociacións, co comercio local e con todos os sectores do municipio para facer de Burela un pobo con vida e con futuro”. Ambos partidos son bastante crí-

é que a súa xestión deixa moito que desexar”. Pero como di Eiroá “o que pasa na pista queda na pista, e esta filosofía é a que me acompaña tamén no mundo da política. O que nós poidamos dicir nos Plenos e nos debates nunca o traslado ó persoal”, e Rouco sinala que “a relación é cordial; aínda que nos gustaría que se nos tivera máis en conta xa que tamén representamos a parte dos veciños.”

Para chegar ao Goberno, ás veces hai que facer pactos, ao que o concelleiro do Partido Popular di “que quen debe de gobernar debe de ser a lista máis votada, para poder desenvolver o seu programa con liberdade e que así os veciños poidan decidir, cada catro anos, se a súa xestión foi eficaz ou non”. E

des do municipio, “hai que modificar o PXOM e a concepción urbanística, crear un polígono industrial, mellorar as instalacións deportivas ou reorganizar o mercado dos venres, entre outros”.

Desde SON Burela, Eiroá di que o principal é o tecido asociativo e veciñal pois “é un pilar fundamental no día a día. Consideramos imprescindible escoitalos, apoialos e, sobre todo, darlles solucións as súas necesidades e incidencias”. E engade que “se queremos ser un pobo con vida e con futuro, é imprescindible dinamizar o ámbito económico, pois isto provoca que Burela non avance, e provoca que quedemos varados no tempo e tan só sexamos un pobo dormitorio”.



## A 44ª Festa da Troita xa comezou a debullar o programa festivo

A 44ª Festa da Troita do Concello da Pontenova, declarada de Interese Turístico Galego e de Interese Turístico Deportivo Nacional, xa comezou cos preparativos da cita deportiva que será os días 30 de abril e 1 de maio.

Así, anunciaron que Odile Rodríguez de la Fuente, filla do divulgador ambientalista Félix Rodríguez de la Fuente, será a encargada de ler o pregón na XLIV edición de la festa da troita da Pontenova.

Dentro das actividades para menores e familias, o martes 30 comezará a xornada ás 9.00 horas cunha demostración de Eugenio Linares, escultor con motoserra. Xa pola tarde ás 19.00 horas inaugurarase a Troita máis grande do mundo, unha escultura feita polo alumnos do IES Enrique Muruais da Pontenova para homenaxear á popular festividade da localidade.

O presidente do Centro de Iniciativas Turísticas, Francisco Rois, sinalou que "será de 8 metros, 35 centímetros máis que a que hai en Michigan, Estados Unidos, que ten 7,65 metros".

Xa ás 19.30 horas será a inauguración das Pedras de Honra no paseo do Pescador, ás 20.15 horas farase unha visita ao Museo da Pesca, e ás 21.00 horas será a entrega das distintas Troita de Ouro a Odile Rodríguez de la Fuente, á Semana Internacional de la Trucha de León, a Roberto Fernández Rico, alcalde de Ribeira de Piquín, a Pascal Cognard, tres veces campión do mundo, e Ramón Castro.

Media hora máis tarde, ás 21.30



horas, será o pregón e despois abrirase a caseta e a degustación de troitas, todo elo amenizado polas orquestras Cinema e Capitol.

O mércores 1 de maio pola mañá farase o concurso de Pesca de lance, salmón e mosca, e ao remate, arredor das 13.30 horas, será a pesaxe e a clasificación. Xa ás 18.00 horas será a entrega

de premios no salón de actos da casa da cultura. Pola tarde poderase disfrutar do III Campionato de Billarda Festa da Troita.

Hai que lembrar que a Festa da Troita foi nominada por segundo ano como Mellor evento Deportivo España na III Gala Premios Pesca a Nivel Nacional, que organiza o programa Río de la Vida de Bom Radio.

## Eco das Minas organiza un novo obradoiro de acuarela

O 6 de abril a Asociación Eco das Minas da Pontenova organiza un novo obradoiro de acuarela que se impartirá no local das asociacións de 16.00 a 18.30 horas.

Nesta sesión e partindo das bases da acuarela e empregando a técnica de trazado e recheo, os participantes realizarán un estampado natural sobre papel.

O obradoiro está dirixido tanto a persoas que queiran iniciarse e probar, como ás que xa saben e queren dar un paso máis. Todos os materiais están incluídos no prezo, que é de 15



euros, aínda que se alguén quere levar os seus materiais poderá facelo.

Para participar será necesario inscribirse chamando ao 659 354 654, 610 947 738 ou 653 434 712.

## Aberto o prazo de inscrición da VIII Ruta Ecuestre

A 8ª Ruta Ecuestre organizada por Equus Norte e o Concello da Pontenova celebrarase o vindeiro 13 de abril. Esta xornada ecuestre fará a súa saída ás 10.00 horas da área recreativa do Pozo da Ola.

Despois da ruta farase un xantar de confraternización para o que haberá que mercar os tickets da comida chamando ao 662 062 625 ou 633 913 203. As entradas da comida terán un prezo de 30 euros e poderán adquirirse tamén no restaurante San Briz. A festa estará amenizada polo DJ Bombardero.

O colectivo adoita deixarse ver cos seus equinos por diante da



Praza dos Fornos para percorrer con eles lugares próximos ao río e paisaxes naturais polas parroquias e rutas da localidade.

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias ■ Festivales  
Fiestas ■ Infantil  
Humor ■ Gastronomía  
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!  
**OCIO EN GALICIA**  
www.ocioengalicia.com



## Aberto o prazo para anotarse no II Certame de Teatro Afeccionado

Os días 6, 7, 8 e 14, 15, 16 de xuño o concello de Foz acollerá unha nova edición do seu festival de teatro, o III Certame de Teatro Afeccionado José Luis López Lorenzo O Poto.

O certame conta con seis días nos que en cada un se representará unha nova obra. Malia que aínda non están programada noutras edicións adoitaron celebrarse todas á mesma hora na Casa da Cultura Poeta Manuel María.

Os grupos interesados en par-

ticipar poden presentar as súas solicitudes ata o día 20 de abril de 2024.

Todas as representacións serán preferentemente en galego aínda que os grupos que veñan de fora de Galicia poderán facelo en español ou noutro idioma.

Haberá premios para a mellor representación que consistirá nun trofeo e xira polo concello de Foz, tamén a á segunda mellor levará un trofeo, e tamén á mellor dirección, o guión, actriz, actor e posta en escena.



## O PP denuncia que escombros e maquinaria ocupan un parque e tres aparcadoiros

O PP de Foz denuncia as inxerencias do equipo de Goberno respecto á xestión das obras neste concello e máis concretamente na rúa Irmandiños, no barrio das Casas Baratas, onde máis proble"mas está a haber producindo serias molestias aos veciños que, en todo caso, non se merecen".

O voceiro popular, Javier Jorge Castiñeira, lembra que "as obras na rúa Irmandiños comezaron en xaneiro de 2023, que xa non empezaron ben ao non informar aso veciños, que comezaron por partes e, sobre todo, que teñen unha discontinuidade enorme que ningún entende"

**OCUPACIÓN.** O PP tamén denuncia que hai tres aparcadoiros municipais e un parque público totalmente ocupados por escombros, maquinaria e material das obras.

Concretamente, un aparcadoiro que afecta á rúa Irmandiños coa

rúa Curros Enríquez que está totalmente ocupado desde que se fixeron as obras; outro aparcadoiro, preto do campo de fútbol Martínez Otero e cunha capacidade para 150 vehículos, está totalmente saturado por acopio de escombros, maquinaria e material da mesma obra; un aparcadoiro na praza de Trégastel está absolutamente cheo de escombros; e o Parque Branco, na praza de Galicia, está ocupado por casetas de obra.

"Independentemente da opinión que podamos ter sobre como está a quedar a humanización da rúa Irmandiños, é un auténtico despropósito a discontinuidade absoluta que está a ter esta obra e, polo tanto, reclamamos ao equipo de goberno moita máis transparencia e axilidade e, sobre todo, que poña en servizo os aparcadoiros e o parque para todos os focenses", remata o voceiro do PP de Foz.

## O Concello focego volve a ofrecer a cafetería bar Náutico

O Concello de Foz volve a ofrecer a cafetería bar Náutico, situada na praza Conde de Fontao, no edificio de Asuntos Sociais, trala renuncia na única oferta presentada.

O contrato sae por un período inicial de tres anos, prorrogable a outros catro e dentro do prego de condicións establécese que o horario mínimo de apertura será de luns a domingo de 9 a 21 horas e que o canon mínimo a abonar ao Concello será de 500 euros anuais. Ademais os maiores de 65 anos teñen prezos máximos establecidos, de acordo coa natureza social da cafetería.

Fran Cajoto explica que "o obxectivo do Concello de Foz é recuperar para os nosos maiores un espazo que perderan e que servirá de punto de encontro, nunhas instalacións renovadas e adapta-



das a persoas con problemas de mobilidade".

O alcalde de Foz destaca as vistas e a calidade da nova terraza que conta cunha superficie duns 50 metros cadrados, e que conta cun-

ha entrada independente do resto do edificio de Asuntos Sociais. Reformáronse os aseos, decorouse o lugar con imaxes antigas do edificio, renovouse o mobiliario e os servizos de electricidade e auga.

## O Concello anuncia que as rotondas de Cangas se construírán neste 2024



O alcalde de Foz, Fran Cajoto, mantivo unha reunión de traballo en Madrid coa subdirectora xeral de Conservación de Estradas, Paula Pérez López, e con técnicos do Ministerio de Transportes. "Foi unha xornada moi produtiva de traballo, na que recibimos a confirmación de que as rotondas de Cangas serán unha realidade neste ano 2024", explica o rexedor municipal. Cajoto sinala que "coas dúas rotondas, no cruce de Gralleira – Ribela e na intersección coa estrada a Ferreirreira e o Centro Social de Cangas, eliminamos dous puntos negros e imos facilitar moito a mobilidade aos veciños. Xa se expropiaron os terreos necesarios, están consignados os fondos e a empresa encargada do mantemento da estrada nacional e da execución destes traballos está a comprobar a afección

a distintos servizos antes de comezar a obra".

O alcalde tamén tratou outros proxectos, "está moi avanzado o expediente de mellora da intersección da Corredoira entre as estradas N-642 e LU-152, que se aprobou definitivamente no BOE".

**PP.** O PP de Foz critica que o alcalde focego, Fran Cajoto, venda a confirmación das rotondas de Cangas "cando no 2018, no noso mandato xa estaban os anteproxectos feitos e valorados".

"No 2018 no final da lexislatura o Goberno do Partido Popular de Foz xunto coa asociación de veciños de Cangas conseguían o compromiso do Goberno do Estado de facer dúas rotondas en Cangas, estaban os anteproxectos feitos e valorados", indican dende o PP.

## A Uned de Foz programa catro cursos e unha exposición

A Aula Universitaria da Uned Foz contará este mes de abril con nova programación. Así, terá unha exposición e catro cursos, para os que está aberta a inscrición.

A exposición, titulada 'A trata de persoas', estará sita no Cinema ata o 26 de abril e xira en torno á explotación da muller.

En canto aos cursos de extensión universitaria, contarase cun Taller de creación literaria, no que a focese Laura López-Leitón, escritora e docente, será a guía deste proceso creativo.

Ademais, levarase a cabo unha formación dirixida a aquelas persoas que non teñen un bo dominio do castelán. Ofértase o curso de Español para estranxeiros, que ten como obxectivo que o alumnado incorpore a lingua castelá no seu ámbito persoal para satisfacer necesidades de tipo inmediato.

Impartirase tamén outro curso, Implantación da metodoloxía EPI (Extensive Processing Instruction) en idiomas, no que dará a coñecer unha novedosa metodoloxía para a ensinanza de idiomas, e ofrecerase un curso de Actualización de ferramentas TIC para docentes, que impartirá a profesora de inglés no IES de Foz e titora da Uned, Lucía Villarino.

Para obter máis información pódese contactar coa Aula Universitaria de Foz no teléfono 982 133 699, no WhatsApp 604 034 549 ou por correo electrónico foz@lugo.uned.es.



# “O Perrotón será unha marcha benéfica a favor dos animais”

A Asociación Amigos dos Cans Foz naceu no 2022

## Como nace a Asociación Amigos dos Cans Foz?

A asociación nace a raíz dunha necesidade que nos atopamos sobre todo en épocas estivais e de vacacións cun número bastante amplo de xente con cans. Comezamos a darnos conta de que nos seus paseos cotiáns coincidiamos con moita xente que co paso do tempo non só saíamos a estes amplos campos para goce individual dono e mascota, senón que acabamos iniciando conversacións mentres os peludos xogan. Nestas épocas que comentei antes é máis asiduo que pase xente ben por atallar ou ben por pasear, e claro, pois non a todo o mundo lle gusta. Nos queríamos ante todo sempre manter un respecto, que todos poidamos convivir en harmonía e xurdiunos a idea de montar unha asociación. Un particular cedeunos unha parcela que tiña e cando nos demos conta xa dispoñíamos de estatutos, directiva e asociados, os cales non só residimos en Foz todo o ano senón que hai de moitas partes de España.

## Que iniciativas ao longo destes anos destacarías?

As iniciativas eran moi sinxelas. Nun primeiro momento, era ter unha zona de tranquilidade para evitar conflitos ante a problemática que se puidera xerar polos cans. Fixemos magostos, xuntámonos previas as festas de Nadal para decorar a contorna e desexarnos felices festas, en verán son máis asiduas as xuntanzas por melloría do tempo e máis horas de luz.

## A título persoal que lles reporta



## pertencer a Amigos Cans Foz?

Sen darnos conta caemos, para ben, nunha rutina de socializar tanto humanos coma cans que se vía bastante necesaria dadas as épocas que nos vimos obrigados a vivir a raíz da covid. Somos xente que ten a súa vida, pero coa diferenza desta responsabilidade de ter un animal que depende de nós, pois non temos porque facelo sempre da mesma maneira senón que temos a opción de variar os paseos e ter un contacto. Sobre todo é unha maneira de discernir un pouco en compañía dos peludos.

## Que actividades lles gustaría facer se tiveran un maior apoio?

Principalmente o que desexamos é dar visibilidade a que por ter mascotas non te podes ver limitado, que non ten por que ser un conflito entre persoas e debemos comportarnos como tales. Somos os primeiros que non nos gusta estar pendentes de por onde pisamos e en todos lados pódeste atopar de todo, pero non por mor dun se pode sentenciar a unha especie. Hai sitio para todos.

## O Concello di que para o verán estará rematado o parque canino. Que lles parece? Era necesario?

Pois estupendamente ben, todo o que poida ser beneficioso para o pobo en conxunto benvido sexa. Vai enmarcado nun programa de recuperación de zonas verdes do Concello e a falta dunha zona específica para mascotas, que mellor cousa que esta. Particularmente como asociación claro que vemos necesario contar cun parque en condicións, específico para mascotas no que o primordial é o seu disfrute.

## Que terá este parque canino?

O principal que terá será unha contorna segura ao aire libre. Contará cunha superficie ampla con peche perimetral e unhas estruturas de *agility* e servizos esenciais como son os puntos de auga adaptados e unha zona na que guarecerse os días que non acompañen.

## En xuño fan o Perrotón. En que consiste?

Si. O 30 de xuño faremos o primeiro Perrotón ata agora coñe-

cido na Mariña. Será as 10.30 horas con saída de praza Paseo de Colón, ao pe da Rapadoira. O Perrotón Vila de Foz xurdiu a raíz dos abandonos e maltratos animais en xeral, que sempre houbo pero que estas últimas tempadas dábanos a sensación de que cada vez máis estaban aparecendo casos. Nós como asociación de cans vimos a posibilidade de organizar algo no que puidéramos darlles visibilidade, fomentar as adopcións responsables e expresar dunha maneira deportiva e pacífica a nosa repulsa contra o maltrato. Este vai consistir nunha marcha benéfica a favor dos animais pola contorna das dúas praias máis próximas ó casco urbano. Todo o recadado nas inscricións será doado a diferentes protectoras de animais da zona xa que tamén observamos que se ven moitas veces con dificultades para afrontar dun xeito altruísta as costas que requiren. Entón dixemos que da maneira máis factible posible dentro das posibilidades que nos permita a aceptación deste evento, axudaríamos a cantas máis protectoras posibles se poida.

## Quen se pode anotar?

No Facebook Asociación Amigos dos Cans Foz está publicado o cartel para inscribirse ou solicitar mais información e nesa páxina de Facebook iremos colgando máis novidades que temos en proxecto facer para ese día e previos para a xente que non poida participar o 30 de xuño e queira colaborar doutro xeito. Non facemos ningún tipo de distinción, toda persoa que queira participar será benvida, teñan mascota ou non. O principal é dar visibilidade a esa problemática do abandono e a repulsa ó maltrato animal e poder recadar o máximo posible para cantas máis protectoras poidamos axudar mellor.

## O III Mercado Aos Pés de Cornería, de Vilaronte, será o domingo 5 de maio

A Comisión de Festas San Juan Vilaronte de Foz organiza para o domingo 5 de maio o III Mercado de produtos locais aos Pés de Cornería, en Vilaronte.

Esta cita dará comezo ás 10.00 horas coa apertura do mercado e despois seguirán o resto das actividades que aínda están por desvelar.

Dende a organización sinalan que “pouco a pouco iremos desvelando a programación de esta terceira edición polo que haberá que estar atentos ás redes sociais”.

Para todos aqueles postos que queiran anotarse no mercado ou precisen información, haberá que poñerse en contacto coa asociación chamando aos teléfonos Andrés 669 106 817, Leticia 664 120 073.

## A XII Concentración Auto Clásicos de Foz terá lugar en maio

A vila de Foz acollerá unha nova edición, e xa van doce, da concentración de Auto Clásicos no que participan vehículos de catro rodas e motos clásicas e se celebrará o 25 de maio.

Os participantes xuntaránse fronte ao porto de Foz á media mañá. E ao remate da concentración haberá un paseo en embarcación pola ría de Ribadeo. Para participar é necesario anotarse chamando ao 676 050 424 ou mandando un correo electrónico a [autoclasicosfoz@gmail.com](mailto:autoclasicosfoz@gmail.com). O prezo da inscrición é de 35 euros por persoa.

# A cultura mariñeira e a historia protagonizan a Festa do Berberecho

O vindeiro sábado, 6 de abril, volve o berberecho a Foz, marisco que para os focegos é o chúcaro. É unha cita que dende o pasado ano se sitúa na semana seguinte á semana santa. O alcalde de Foz, Fran Cajoto, explica que “foi un ano difícil para o sector do marisqueo e dende Foz queremos continuar contribuíndo a que se consuma produto do mar, mostrando ao mundo o marabilloso sabor que ten grazas á sempre inestimable colaboración dos ciclos de Hostalería do IES de Foz”.

O programa da XXII Festa do Berberecho combina a cultura mariñeira, a

gastronomía e a historia de Foz.

O venres 5 o primeiro evento será ás 19.30 horas no salón de actos do CENIMA, coa charla titulada Interpretación toponímica da costa de Foz. II Parte: de Llas á Pampillosa, a cargo de Xesús do Breogán; para a continuación poder gozar dos cantos de taberna polos locais de hostalería da zona portuaria.

O sábado 6 ás 10.30 horas na Praza Conde de Fontao o mesmo Xesús do Breogán realizará un percorrido pola historia de Foz, coas fotos do mural da mesma praza. Para a continuación, ás 12.00 horas, na carpa

situada no porto escoitar o pregón de José María García Rivera, alcalde de Foz entre 1995 e 2011 e impulsor desta festa. A continuación a música será a cargo dos grupos tradicionais de Foz A Subela e O Feitizo. Ás 13.00 horas comezará a degustación de berberechos, este ano tamén acompañados de mexillóns. A música continuará co dúo Primeira Línea e a carpa estará aberta ata ás 17.00 horas. Xa pola noite, a partir das 22.30 horas na mesma carpa, os dj's Alejandro Martínez e Litainer pecharán un día de festa para Foz.

## Instalan cinco aparcadoiros para bicis que inclúen unha estación de mantemento

O concelleiro de Deportes, Simeón Neira, anunciou que xa están instalados cinco aparcadoiros para bicicletas no municipio. Xa están colocadas e listas para o seu uso preto do colexio O Cantel, na rúa Pintor Laxeiro, no Campo da Cabana, no pavillón de Marzán e no parque de Marzán.

Estes aparcadoiros levan incorporados unha estación de reparación que inclúe unha bomba de aire e un xogo de chaves. Para poder acceder a estar ferramentas

é necesario unha moeda que se recuperará unha vez se devolvan, como se tratara dun carriño de supermercado. Con esta medida búscase fomentar o uso deste medio de transporte máis ecolóxico e beneficioso para todos.

Segundo o concelleiro, a idea é seguir instalando máis e non só no casco urbano, senón tamén no paseo marítimo, no tramo que hai un carril bicicleta e ir comezando en parroquias como Faozouro ou Cangas.



## EN BREVE

**PUNTO LIMPO.** O Concello vén de informar de que o punto limpo móbil volverá a percorrer as parroquias do municipio. Nesta ocasión estará nas inmediacións do IES María Sarmiento ata o 11 de abril. Neste vehículo, os veciños e veciñas poderán depositar distintos tipos de residuos que non se poden deixar nos contedores de residuos habituais. Despois, do 12 ao 25 de abril estará na igrexa de Area na parroquia de Faro, do 26 de abril ao 9 de maio na piscina municipal en Celeiro, e do 10 ao 23 de maio no aparcadoiro da variante.

**FEIRA DAS MAULAS.** A asociación Cabaleiros do Landro de Viveiro, colectivo organizador das carreiras de cabalos no municipio, fíxose cargo da organización da Feira das Maulas de Galdo. A cita festiva será o 12 de maio. Esta tradicional Feira de Galdo sempre foi organizada pola asociación de veciños, coa colaboración do Concello de Viveiro, malia nesta ocasión o Concello non pode asumir a súa organización e financiamento.

**VEHÍCULOS ABANDONADOS.** O Concello adjudicou un contrato de servizos a unha empresa especializada na retirada dos vehículos abandonados nos espazos públicos da vila, que a día de hoxe son 31. En concreto, o obxecto do contrato é o servizo de retirada, transporte, depósito, descontaminación, tratamento e destrución dos vehículos abandonados en rúas, prazas ou aparcadoiros soterrados de Viveiro.

**RAPA DAS BESTAS.** A parroquia de San Andrés de Boimente celebrará unha nova edición da Rapa das Bestas de Candaoso, nos montes de Buio, no municipio de Viveiro, os próximos días 6 e 7 de xullo. Polo momento non hai programa festivo pero poderase desfrutar das maravillosas vistas desde o monte e do corte das colas e as crines das reses e o mercado a lume dos poldros.

**PRAZA DE ABASTOS.** A Concelleira de Mercados do Concello de Viveiro informou ás persoas interesadas en ser adjudicatarias dun posto na praza de Abastos que está previsto publicar a súa licitación nas vindeiras semanas. A concelleira Iria Cotelo destaca que as bases presentaranse modificadas, de cara a "obter unha maior diversidade no tipo de produtos da praza, así como mellorar a ordenación e os usos do mercado", explica a concelleira.

## Seguen as melloras no parque Pernas Peón



As áreas de Obras e Medioambiente de Viveiro conseguiron unha subvención para o parque Pernas Peón. Estas obras teñen como obxectivo "quitar barreiras arquitectónicas, mellorar a accesibilidade, naturalizar a zona e permeabilizar a fronteira norte do Parque para crear así un acceso máis fácil desde e cara á praia de Covas", explica a tenenta de alcaldesa Míriam Bermúdez. Para lograr estes obxectivos procederase á tala de cipreses e árbores enfermas xunto coa eliminación de tocos, á retirada de parte do muro que delimita a zona norte do parque e á mellora do acceso situado fronte ao acceso á praia de Covas. Tamén se creará así mesmo un paso de peóns elevado, pavimentarase os accesos ao restaurante e aseos públicos, crearase unha beirarrúa de 3 metros de ancho e plantaranse novas árbores, arbustos e vivaces para aumentar a diversidade da zona. Míriam Bermúdez subliña que esta nova beirarrúa da que gozará o parque destacará pola súa maior accesibilidade, de cara a permitir que todas as persoas poidan gozar do parque sen limitacións de ningún tipo".

**PP.** O Grupo Municipal advirte que o Goberno local engana aos veciños con respecto á reforma do parque Pernas Peón. Segundo desvelan os populares, os traballos xa levaban "contratados e atados" un mes cando o Concello abriu o proceso de consulta veciñal para definir os usos e servizo destas instalacións. "Cando no contrato menor falaban de preparación da zona para o deporte, o Goberno encargaba o pintado das mesas con taboleiros de xadrez. Agora entendemos o desapego que ten co deporte e a falta de compromiso coas instalacións deportivas que agonizan mentres xogan ao despiste e confunden á cidadanía por non ter a valentía suficiente para dar a coñecer as súas erráticas decisións", sentencia Gueimunde.

**RAMÓN CANOSA.** Tamén se repuxeron 40 árbores na avenida Ramón Canosa e na contorna da piscina municipal. "Estamos facendo actuacións de forma continua para manter Viveiro nas mellores condicións e o máis ordenado posible", sostén Míriam Bermúdez. Este tipo de tarefas continuarán nas próximas semanas por diferentes zonas de Viveiro.

## Publicadas as bases do VI Premio de Novela Vilar Ponte

Publicáronse as bases da nova edición do seu xa tradicional Premio de Novela Vilar Ponte. Unha cita destacada na axenda cultural da vila que naceu co dobre obxectivo de lembrar aos escritores Antón e Ramón Vilar Ponte e promover a literatura en galego. Como en anos anteriores, as bases recollen que todas as obras que se presenten a esta VI edición do concurso deben ser orixinais e inéditas e estar escritas en galego. A extensión e a temática da obra serán de libre elección. Presentaranse catro copias en papel DIN A4 impresas a dobre es-

pazo de cada orixinal, sen sinatura pero con título e lema, en sobre pechado. O prazo de presentación acabará o vindeiro día 1 de xullo, e o lugar para depositar os orixinais será o Concello de Viveiro, escribindo no exterior do sobre "Para VI Premio de Novela Vilar Ponte". Establécense dous premios: un primeiro cunha contía de 4.000 euros e un segundo de 1.000 euros, coas súas correspondentes pezas de cerámica e diplomas. O acto de entrega dos mesmos terá lugar no Teatro Pastor Díaz.

## O CCHV muda de directiva con Andrea Porbén como presidenta



Unha nova directiva toma o relevo na Asociación de Comerciantes Centro Histórico de Viveiro. Esta xunta está formada por representantes de distintos sectores, comercio, hostalaría e servizos. Despois de cumprir todos os prazos establecidos para a presentación de candidaturas, xa puideron tomar posesión dos cargos. Os novos membros tratarán de dar continuidade á única asociación de comerciantes que existe na área urbana de Viveiro, e os seus obxectivos iniciais pasan por seguir ca boa labor que se viña realizando para tratar de dinamizar o sector comercial de

Viveiro. Segundo indica a nova directiva "nos tempos actuais, necesitamos unirmos para crear unha asociación forte, comprometida co seu entorno, seguir sendo unha praza comercial punteira na comarca e traballar unidos para mellorar o atractivo comercial e o poder de atracción da zona.". Os novos cargos son, como nova presidenta Andrea Porbén, o vicepresidente será, Saúl Jimenez, a secretaria, Cristina Rodríguez, a tesoureira, Lara Fernandez, e os vogais serán Sara Fernández, Graça Gonçalves, Belkis Altagracia e Gabriel Doce.

## O PP denuncia a "crítica situación financeira do Concello"



O PP vén de denunciar "a crítica situación financeira do Concello, pois a entidade local, tal e como se extrae da Dación de Conta correspondente á liquidación do Orzamento de 2023, acumula un débeda en concepto de facturas pendentes de pago de 834.927 euros exactamente". A voceira, Mariña Gueimunde, arroupada polos concelleiros, fixo público este dato para que a cidadanía sexa coñecedora, din, "da deriva á que nos está levando o Goberno que temos en Viveiro", pois para efectuar o seu pagamento a entidade local vese na obriga de facer uso do remanente de tesourería do que

dispón, cifrado en 455.0657 euros, e dun recoñecemento extrajudicial de crédito por importe de 379.860 euros. Así, o groso das facturas corresponde a servizos exteriores e subministracións; comunicacións; a publicidade, propaganda e relacións públicas. As partidas destinadas a estes gastos ascenden, pola mesma orde, a 364.751,35 euros, 298.360,80 euros e 55.178,66 euros. As facturas de menor importe son as referidas a mobiliario (1.909 euros), transportes (1.208 euros), e infraestruturas (9.140,72) e servizos de profesionais independentes (3.489,64 euros).



# “Contamos co programa para nenos Coñece ó gato comunitario”

## Colonias Rueiras axuda na xestión das colonias felinas da vila

Colonias Rueiras é unha nova asociación que xurdiu en Viveiro para xestionar as colonias de gatos. Falamos coa fundadora e tesoureira, Beatriz Lage.

### Por que comezou con esta idea?

Pois a historia comezou cando vin baixar a un gato dun camiión de reparto nunha gasoleira en Celeiro, entón eu que xa tiña un gato na casa e queríamos ter outro, intereseime por el. Que pasou, que Nolito, estaba moi enfermo e non podía convivir co meu gato, entón comprometinme a coidalo, e así empecei a ter contacto con Mar, que é o outro 50 por cento da asociación, é a cabeza, a alma, as mans, é todo, eu só son a que fai papais e pouco máis, dígolles que non hai cartos para todo polo momento e me repito moito. Entón comecei a ter contacto con ela e a súa actividade, unha actividade que esta socialmente deostada e é unha actividade case exclusivamente feminina.

### Por que di deostada?

Pois as mulleres que a realizan din que escoitan ás voluntarias dicir que saían na madrugada para que os veciños non as viran, polo que pasaban automaticamente a ser as tolas dos gatos. Pasaba a ser unha persoa que non estaba ben vista pola veciñanza, e isto a min pareceume moi inxusto pois é xente que está poñendo os seus cartos, o seu patrimonio e o seu tempo a unha causa que é polo ben da comunidade. Así que xurdiu a idea de adaptarnos ao que a lei actual de protección animal está esixindo que é un tipo moi especial de protectora de animais, que son as historias de colonias, que é unha forma legal que ata este 2023 non existía previamente.

### Que fan os gatos pola comunidade?

Os gatos na rúa é un ben para todos xa que evitan que haxa outro tipo de pragas ou outras especies non desexadas coma as ratas, as marzas ou os xabaríns, e que son bastan-

te territoriais.

### Cal é a diferenza de gato doméstico e comunitario?

Un gato comunitario non é unha mascota, por definición non necesitan interacción social co ser humano, só nos utilizan para obter recursos alimenticios dunha forma mais doada. O que pasa é que nun ámbito urbano os recursos adoitan ser desperdicios e iso enferma ás colonias. Non hai un fluxo de recursos constantes como nunha zoa rural, entón é por iso que a intervención humana é importante.

### Cal é a función da asociación?

Pois partimos da base de que os concellos están obrigados por lei a alimentar e protexer a este tipo de animais, así que nós o que facemos é, grazas a unha partida económica do Concello de Viveiro a través da Consellería de Medio Ambiente, podemos contar con alimento e esterilización dos gatos dentro do método CER. As nosas voluntarias reparten ese alimento que nos está provendo o Concello, e elas cazan os gatos para facerlles o método CER.

### Que é o método CER?

É unha solución ao control poboacional de gatos rueiros que consiste na captura, esterilización e retorno. Cando se lles aplica o CER, os nosos gatos teñen unha marca na orella

unha forma moi especial que é un pequeno corte en forma de v que se lle practica no momento que se esteriliza.

### Se se detecta algún problema que pasa?

Niso a lei tamén é moi estrita. Un gato comunitario só pode saír dunha colonia para o método CER, eutanasia ou estado moi grave de saúde que precise atención veterinaria urxente. Iso significa que se un gato sobrevive a un atropelo por exemplo, tense que sacar da colonia e levalo ao veterinario. Ademais os gatos comunitarios non son moi lonxevos, está entre 6 e 8 anos e un gato doméstico pode chegar a 20 ou 22 anos.

### Os gatos cambian o seu comportamento ao ser castrados?

Si, os gatos comunitarios non son amigables, pero teñen unha relación moi especial coas súas coidadoras, estas mulleres foron capaces de facer censos exactos en gatos que non se achegan a elas, polo que recoñecen pequenas características de cada un e entenden que ese gato non é da súa colonia aínda que sexan moitos. Despois da castración o que notamos é que son moito máis abordables, moitos mais dóciles, e tamén comen máis e son menos activos, de aí que necesitamos non só socios senón doazóns e facer campañas.



### Un gato acaba na rúa porque está abandonado, porque se perde ou hai outros motivos?

Un gato acaba na rúa porque nace na rúa e é o que sería estritamente un gato comunitario, a lei fala tamén dun tipo de gatos que se chaman gatos errantes, que son os gatos que son excluídos dun grupo social polo que buscan outro grupo ao que unirse. Nós temos un gran problema cos abandonos dentro das colonias, xente que abandona as súas mascotas ou a camada recentemente nada dentro da colonia, e iso é un problema xa que o gato que nace nunha casa e se acostuma a ter recursos ilimitados acaba morrendo porque o pasa mal. O resto dos gatos son moi reticentes a que outros membros de fóra entren na colonia, polo que existe o risco de que lles peguen, é dicir, non existen loitas a morte, pero danse conflitos que non deixan que se integre con normalidade.

### Como podo saber que é un gato da colonia ou un gato que escapou?

Só lle tes que facer unha foto e mandala á nosa asociación e as nosas coidadoras xa saben se é das nosas colonias ou non. Unha característica

do gato comunitario é que son moi asustadizos e non son sociables.

### Cantos gatos haberá nas Colonias Rueiras?

Agora mesmo que estean traballando con nós serán uns 300 gatos dentro dunhas 17 colonias, e están repartidas por todas as parroquias de Viveiro.

### Contan cun programa educativo?

Si, temos un programa moi chulo para nenos de Infantil, Primaria e Secundaria que se chama Coñece ó gato comunitario, que o que pretende é falarlle aos nenos e os papas de que é o que fai o gato comunitario por eles. Tamén ofrecemos actividades coas comunidades de veciños, por exemplo, detectamos un problema nesa colonia pois o que facemos é ter unha reunión coa comunidade de veciños para ver como podemos mellorar as condicións para que todo o mundo estea máis contento, pois moitas veces a veciñanza queixase da sucidade. A isto hai que engadir que temos moitísima xente con moitísima vontade, que alimenta gatos fóra do control da colonia, que utiliza restos da súa comida e que a deixa tirada na rúa, polo que é unha forma de atraer outras especies que a colonia estaba controlando como roedores, o zorro, o xabaril, etc.

### Para poder alimentar é preciso ter un carné?

Si, aínda non está rematado de todo na nova ordenanza municipal, pero vai estar penado, e vai ter unha multa por alimentar animais na rúa. Todas as nosas coidadoras teñen un carné de coidadoras de colonias.

Podes ler a entrevista completa en [www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)



#### ORGANIZAN:



#### APOIAN:



XV FEIRA DA  
**ARTESANÍA  
DO FERRO  
DE RIORTORTO**

DOMINGO, 21 DE ABRIL DO 2024



## Organizan en Ribadeo cursos para os exames Competencias Clave

O Concello de Ribadeo, desde a Área de Promoción Económica, Iniciativa Empresarial, Turismo e Comercio, vai poñer en marcha un curso destinado a preparar os exames de Competencias Clave N2 que se celebrarán no ano 2024, convocados pola Consellería de Emprego e Igualdade. O prazo de presentación de solicitudes remata o 26 de abril.

A data de inicio prevista da acción formativa establécese para o día 6 de maio, en horario de 10.00 a 13.00 horas, no edificio do Viejo Pancho. Os cursos que se impartirán son de Competencia Matemática Nivel 2, Comunicación en Lingua Castelá Nivel 2 e Comunicación en Lingua Galega Nivel 2.

## Sergio Pazos estará na vila en abril

O vindeiro domingo 7 de abril, o actor galego Sergio Pazos, estará no auditorio municipal Hernán Naval de Ribadeo. Esta actuación será ás 20.30 horas e xa están dispoñibles as entradas. Sergio Pazos ponse en modo galego en co seu espectáculo Dependes, ou sexa, Poida que si, poida que non. Así, fará desfrutar aos espectadores con moitas risas

## O BNG di que o “Goberno municipal non ten capacidade para gobernar ben”

O BNG di que o “Goberno municipal do PP non ten capacidade para gobernar ben”. Así, os nacionalistas din que “para gastar sen xeito e sen traza, si; para solucionar os problemas da xente, semella que non. A súa obsesión por marcar diferenzas co anterior Goberno municipal do BNG leva ao PP de Ribadeo a desfacer todos logros dos anteriores mandatos, e mesmo a crear problemas onde antes non os había”.

Segundo o BNG os veciños de Remourelle “seguen sen ser atendidos tralos estragos causados polo último temporal na súa escola (e xa vai case un mes)”. Tamén lle esixiron explicacións ao Goberno municipal do PP sobre o uso do vehículo de protección civil para actividades” que non se corresponden co estipulado pola normativa vixente”.

## O ascensor panorámico xa está en total funcionamento

O ascensor panorámico xa está en funcionamento, o Concello vén de renovalo e arranxalo. O alcalde, Dani Vega, subliña que a zona conta con vídeo vixilancia.

Vega manifestou que “é verdade que nos trasladaron un informe moi duro, que explicaba perfectamente que o ascensor panorámico tivo unha falta de inversión durante moitos anos e como consecuencia son as avarías de hoxe”.

O alcalde declarou que “nós solucionámolas, é dicir arranxamos todas as avarías do ascensor, renovamos o cadro eléctrico que estaba nunha situación de ilegalidade e tamén falamos coa empresa para ir facendo paulatinamente mais inversións. Tamén fixemos unha cousa que é moi importante: dotar de seguridade ao ascensor, vai ser unha zona vídeo vixiada e tamén queremos dicir con moita claridade que tivemos que pintar todo, porque estaba todo cheo de pintadas tanto nas escaleiras como nas portas ou mesmo dentro do ascensor”.

Para Dani Vega: “se queremos trasladar a mensaxe de que Ribadeo é ese pobo turístico debemos traballar pola excelencia, iso é algo complexo,



non é fácil, non se fai en dous días, pero é verdade que con ganas, con vontade e con planificación se pode ir mellorando a situación. O ascensor de hoxe non é o de antes, é moderno, conservado, limpo e imos estar permanentemente coidando ese punto turístico moi importante e que debemos ter claro que si temos infraestruturas que dan un servizo a veciños e turistas debemos telas conservadas”.

## Estase a mellorar a colocación dos contedores na zona rural



O Concello de Ribadeo está a mellorar a colocación dos contedores na zona rural, despois de escoitar aos veciños e aos traballadores municipais. Os colectores estarán sobre unha base de formigón rematada en pedra.

O concelleiro de Medio Rural e Medio Ambiente, Diego dos Santos, dixo que “seguímos con melloras no rural e seguimos escoitando aos veciños e aos nosos traballadores. E unhas das grandes queixas que recibimos durante estes meses foi que os contedores da recollida do lixo estaban colocados de calquera maneira, uns con base outros sen ela, uns con cubrecontedores e outros sen

el”.

O edil ribadense explicou que “agora o que están facendo os nosos traballadores é un gran labor coas obras coidando ata o último detalle. Os contedores estarán sobre unha base de formigón rematada en pedra, porque cremos que o noso rural o necesita. Hai que darlle valor e coidalo, e que eses illotes dos contedores non rompan co entorno natural nos que están situados”.

Diego dos Santos engadiu que “xa actuamos en máis de 13 puntos e o traballo continúa, porque entre todos seguimos mellorando Ribadeo”.

## Comezan os trámites para o deseño da bandeira local



Ribadeo iniciou os trámites para o deseño da súa bandeira. O acordo foi aprobado por unanimidade por todos os grupos políticos.

O alcalde, Dani Vega, contou que “abordamos cuestións como a proposta de inicio do expediente para a aprobación da bandeira de Ribadeo. Creo que é importante que nos elementos que nos representen teñamos unanimidade dos grupos políticos, así foi e vaise coordinar desde o Concello de Ribadeo, desde unha comisión municipal para facer o estudo e análise da futura bandeira de Ribadeo, que estará formada pola comisión de asuntos xerais na que están todos os grupos políticos representados, o cronista oficial de Ribadeo, o Instituto Padre Sarmiento, a Dirección Xeral de Administración Local e o Consello da Cultura Galega. Houbo unha

unanimidade e creo que desde a unidade imos aprobar un elemento que nos vai representar a todos como é a bandeira do Concello de Ribadeo”.

**CEMITERIOS.** Vega explicou que “tamén se someteu a aprobación a modificación do regulamento dos cemiterios municipais. O que quixemos foi desatascar, solucionar e darlle unha resposta a moitas familias. Moitas persoas tiñan en posesión un nicho e se non o querían ter non se podían desfacer del, soamente a un familiar. Agora se un titular dun nicho non o quere, reverte na propiedade que é o Concello e o nós facemos un sorteo público para que todas aquelas persoas que precisan unha sepultura poidan concorrer a el. Agora tamén hai unha segunda proposta, que é a construción de máis nichos, a ampliación do cemiterio”.

## Varios veciños queixanse da iluminación no casco urbano



Veciños de Ribadeo veñen de queixarse da iluminación no casco urbano da vila así como do estado do mobiliario urbano no Cargadoiro. Din que “estes días o alcalde presumía da iluminación dos muros do Forte San Damián pero hai zonas moito máis céntricas e máis frecuentadas onde o alumeadado brilla pola súa ausencia”.

No relativo ao Cargadoiro sinalan que “sendo un maravilloso lugar está algo abandonado, sobre todo

nas datas de Semana Santa cando nos visitan tantos forasteiros”. Tamén mencionaron que o exterior da Capela de San Miguel estaba sen adecuado.

Por outra banda, a veciñanza fixo fincapé nos tocos que quedaron no chan despois da súa tala nun parque infantil, “uns tocos que perigosamente sobresaen do chan e sobre os que pode caer un neno e danarse perigosamente a cabeza ou outra parte do corpo”.



## Licitado o estudo para mellorar o saneamento no núcleo urbano

Licitouse o estudo para avaliar alternativas encamiñadas á mellora do saneamento no núcleo urbano de Ribadeo e así resolver os vertidos que se producen no porto en días de choivas intensas. O prazo de presentación de ofertas remata o 26 de abril. O alcalde, Dani Vega, destacou “a xestión e inversión no saneamento do núcleo urbano de Ribadeo, que resolverá eses vertidos que se producen á ría na zona do porto cando chove intensamente”.

O rexedor manifestou que “a inversión é importante desde un punto de vista medio ambiental e desde un punto de vista turístico e económico. Non podemos dicir desde as administracións que estamos a velar polo medio ambiente e permitindo que se faga esta saída de residuos á ría. Non podemos dicir tampouco con total tranquilidade que estamos a traballar polo turismo se non evitamos eses vertidos, froito do mal saneamento,



nun punto turístico tan importante como é a ría de Ribadeo”.

Para Dani Vega “isto conxúgase con traballo, con xestión, con dedicación e cunha colaboración entre administracións. Anunciar hoxe un proxecto que nos vai determinar qué temos que facer nos próximos meses é moi importante. Tamén é moi importante diagnosticar e poñerlle a solución, as dúas cousas”.

O alcalde ribadense subliñou que “é moi de agradecer que Éthel nos axudara nesta inversión e hoxe anunciamos preto de 280.000 euros dun proxecto moi importante que nos poñerá unha solución moi fundamental para Ribadeo”.

A conselleira de Infraestruturas, Éthel Vázquez, dixo que “as obras estimadas para dar solución a esta problemática estarán arredor dos 3 millóns de euros”.

## Asinado un convenio para arranxar O Cargadeiro

Concello e Xunta asinaron un convenio de colaboración para arranxar O Cargadeiro. O rexedor contou que “este enclave natural e punto turístico cando nós chegamos ao Goberno estaba totalmente abandonado. Víase claramente unha falta de mantemento: atopámonos coa madeira en mal estado, as vigas e as táboas rotas. A xente ten medo a entrar no Cargadeiro. Hai unha necesidade de mantemento, iso é visible e dende logo debemos actuar”.

Vega sinalou que “non podíamos permitir que seguira así. Polo tanto neste pouco tempo que levamos no goberno xa xestionamos este investimento para esa zona”. O alcalde considera que “tamén debemos actuar no entorno: mellorar a iluminación non soamente no espazo natural do Cargadeiro senón tamén de todo o paseo; ademais vamos eliminar as papeleiras rotas e colocar unhas novas. Vamos ter o Cargadeiro nun perfecto estado”.

## A novena edición do Ribadeo Indiano xa ten data de celebración

A novena edición do Ribadeo Indiano terá lugar do 12 ao 14 de xullo. Así o confirmou o alcalde, Daniel Vega. O rexedor dixo que “comeza a conta atrás para a celebración do Ribadeo Indiano 2024, que será a segunda fin de semana do mes de xullo, dos días 12 ao 14”.

Vega indicou que a cita “esperta moito interese e queremos que a xente vaia planificando a súa axenda e facendo as reservas corresponden-

## Os alciprestes do Pedro Murias xa son árbores senlleiras



O conxunto de alciprestes do Centro de formación e experimentación agroforestal Pedro Murias de Ribadeo vén de ser incluído no Catálogo galego de árbores senlleiras de Galicia.

A directora xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, explicou que o Catálogo galego de árbores senlleiras é unha ferramenta pública e en constante actualización.

No caso concreto da formación de alciprestes (*Cupressus macrocarpa*), a directora xeral explicou

que para considerala senlleira se tiveron en conta tanto as súas características de idade como a súa significación histórica e cultural. Máis polo miúdo, detallou que está composta por 24 exemplares, dos que 14 teñen unha idade estimada duns 100 anos e unha altura de máis de 20 metros. A maiores, cómpre salientar o seu valor simbólico ao localizarse ao carón dun edificio de gran valor cultural como é o CFEA Pedro Murias, exemplo de arquitectura indiana.

## Rematadas as obras do novo miradoiro sobre a ría de Ribadeo

Remataron as obras do novo miradoiro de Ribadeo situado na desembocadura da ría, nunha das saíntes do Forte de San Damián. Este miradoiro conxugará verde, pedra e madeira.

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, puxo en valor a construción tras o remate das obras, unha actuación financiada cun custo de 30.000 euros pola Dirección Xeral de Costas mediante o contrato anual de conservación e mantemento da provincia.

A subdelegada fixo fincapé “na aposta decidida pola mellora da comarca



da Mariña, que agora xa conta cun novo atractivo turístico que contribuirá a seguir fortalecendo o seu potencial”.

Rodríguez puxo en valor “a dispo-

sición da veciñanza e dos turistas de zonas de lecer, dando a posibilidade de contemplar cunha visión case panorámica de toda a ría, unha paisaxe espectacular e recomendable”.

## A contorna das Catedrais contará cun novo aparcadoiro

O alcalde, Dani Vega, anunciou melloras na contorna da praia das Catedrais en datas próximas. Vega declarou que “desde o Concello queremos destacar que a praia das Catedrais é un dos grandes recursos que ten Ribadeo, desde o punto de vista económico, desde o punto de vista da conservación do medio ambiente e polo impacto cultural. É un espazo natural e un entorno cultural”.

O alcalde dixo que “por iso nas vindeiras datas imos investir para mellorar a contorna. Estamos a falar da entrada e da zona do

aparcamento. Isto é o que trae colaborar, xestionar e conservar os espazos naturais”.

Vega subliñou que “Ribadeo benefíciase directamente da praia das Catedrais, deste espazo natural e cultural. Ten un impacto económico non só no turismo, senón no comercio e na hostalaría. É un eixo vertebrador, é algo transversal que impacta en toda a economía local e debemos conservar e coidar este elemento dinamizador da economía e tamén o grande impulso que ten que coller desde o punto de vista medio ambiental”.



tes nos hotéis e nos restaurantes da nosa vila”. Segundo o alcalde, “o Ribadeo Indiano é a fin de semana máis importante do ano para o sector hostaleiro e da restauración e unhas datas moi importantes tamén para o comercio”.

Deste xeito, a organización botará a andar pronto pois son moitas as xuntanzas de traballo para ir pechando pouco a pouco a programación da que gozar ao longo desas xornadas.



## Vaise rehabilitar o retablo da capela da Venerable Orde Terceira

O Goberno galego ampliará o alcance dos traballos feitos na capela da Venerable Orde Terceira do antigo Convento de Alcántara, en Mondoñedo, actuando tamén no retablo. Así o anunciou o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, e sinalou que os traballos xa rematados permitiron garantir o mellor estado de conservación e adecuar o conxunto para o culto e as visitas públicas. Tamén explicou que actualmente os técnicos están a realizar estudos arquitectónicos co fin de procurar a mellor proposta de restauración posible. Tras isto, comezase co proceso de licitación para levar a cabo a intervención.

No caso da obra que vén de rematar, as actuacións centráronse en resolver danos tanto no exterior como no interior da capela. Na zona de capela o obxectivo foi crear un ambiente óptimo para a conservación, reverter as intervencións desafortunadas, comunicar de novo a capela coa Igrexa de San Pedro e adecuar o conxunto para os usos habituais. Nas fachadas, os traballos estiveron dirixidos a mellorar as condicións de humidade e a creación dunha nova drenaxe na base dos muros.

## O Palique gañou o premio de 'Hamburguesa con Estrella'



O Palique de Mondoñedo vén de ser recoñecido co premio de 'Hamburguesa con Estrella' no IV Campeonato de España de Hamburguesas. O seu bocado chámase ConXeito e consiste nun pan brioche, carne de boi, cebola acaramelada con cervexa, repolo, panceta, crema de queixo con sabor a chourizo e allada. "ConXeito é unha hamburguesa composta por un pan brioche totalmente caseiro e feito nunha da máis prestixiosa confeitaría da Mariña lucense, usamos unha carne de boi cunha maduración de 5 meses e engadimos

unha crema de queixo con sabor a chourizo, un salteado de repolo con panceta e cebola acaramelada en cervexa estrela Galicia", di David Folgueira. "O que queremos conseguir á parte de gustarlle aos nosos clientes é potenciar produtos das nosas terras", sinala Folgueira. O gañador do IV Campeonato de España de Hamburguesas foi 'Old School 1980' do Argentinos Burger da Estrada, Pontevedra; en segunda posición foi 'Hey Ryan' do Soul Coffe Bar de Valencia e de terceiro, 'La Duquesa' do Festín, en Barcelona.

## O primeiro espeleódromo homologado de Galicia está en Mondoñedo



Mondoñedo xa conta co primeiro espeleódromo homologado e certificado en Galicia que está situado no pavillón municipal. As instalacións están orientadas á formación e adestramento en TPV.

Un espeleódromo é unha instalación para facer prácticas de técnicas de progresión vertical por corda (TPV en espeleoloxía), tanto desde o punto de vista deportivo como do de rescate.

Desta maneira faise posible a simulación das diferentes técnicas que existen para progresar por corda, pero dentro dunha contorna controlada.

A Federación Galega de Espeleoloxía e Canóns pretende que se use esta instalación como práctica dos afeccionados e federados que queiran manterse activos cando non se poden utilizar as covas, pero tamén como prácticas de rescates para bombeiros e técnicos.

## O PSOE critica ao PP por devolver axudas destinadas ao pavillón e maquinaria

Os socialistas de Mondoñedo preguntaron ao Goberno do PP de Mondoñedo, na pasada sesión plenaria do mes de marzo, sobre a devolución dunha axuda económica de 140.000 euros destinada a realizar melloras no Pavillón Municipal.

Concretamente trátase dunha axuda económica do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinada a Concellos con poboación inferior a 15.000 habitantes. Segundo se desprende do documento rexistrado comunícase ao Concello de Mondoñedo "a perda do dereito a asignación concedida e a obriga da devolución do anticipo percibido".

Esta axuda económica estaba destinada, segundo consta na convocatoria, a investimentos destinados a mellora de eficiencia enerxética de infraestruturas municipais. A achega total ascendía a 140.000 euros, e agora o Concello de Mondoñedo ten que reintegrar 112.000 euros que percibiron de

anticipo, por unha obra que non executou.

**CEMITERIO.** Tamén trasladaron diversas queixas de propietarios de nichos do cemiterio novo, concretamente os que están no fondo, "que denuncian que lles están entrando auga dentro dos nichos". O PP explicou que é un problema das terras que limitan co cemiterio municipal.

**RÍOS.** Os socialistas solicitaron o acondicionamento e limpeza urgente dos ríos de Mondoñedo, coa colaboración da veciñanza así como de outras institucións que queiran colaborar. A limpeza e adecentamento do Calexón da Leña (ou barrio xudío), e tamén do cemiterio novo. Demandaron que na medida do posible os vehículos propiedade do Concello de Mondoñedo se garden na nave municipal ou garaxes. E por último un punto de luz en Tronceda, na vivenda de Erundina Candia.

## Comezou a nova compañía de visitas guiadas á cova do Rei Cintolo

O Concello de Mondoñedo, coa colaboración da Federación Galega de Espeleoloxía, pon novamente en marcha a campaña de visitas guiadas á cova do Rei Cintolo na campaña 2024. A partir deste mes de abril as visitas serán en fins de semana e festivos ata o verán, no que xa serán todos os días da semana e engadirase un grupo máis na oferta, o das 18.30 horas.

As visitas turísticas lévanse a cabo na Galería Central da cova sobre un percorrido de 300 metros que supón unha visita dentro da cavidade de 1 hora e 15 minutos aproximadamente.

Pídese, para poder facer as mesmas, unha forma física normal, isto é, non ter problemas de mobilidade, lesións ou problemas cardiorespiratorios. Tamén é preciso facer reserva previa na Oficina de Turismo de Mondoñedo, a través do número 982 507 177, ou a través do seu e-mail turismo@concellomondonedo.es

É obrigada traer calzado cerrado con fondo de goma que evite esvaróns e recoméndase traer roupa que non



importe manchar así como unha muda para despois da visita.

Dende o Concello proporcionarase casco con iluminación, luvas de protección e un traxe desbotable para sobrepoñer á roupa, así como os complementos de hixiene axeitados para cada un destes elementos.

A idade mínima para entrar na cavidade é a partir dos 11 anos e o prezo da visita é de 20 euros por persoa.

No presente ano, tras a boa acollida dos anos anteriores, continúa aumentado a oferta da segunda modalidade de visitas á Cova, a visita á

Zona do Río. Un percorrido máis longo e complexo destinado a persoas cun nivel físico superior. Neste caso as primeiras oportunidades serán durante a Semana Santa, nos finais de marzo e continuarán ao longo do ano con ofertas todos os meses a partir do día 1 de maio e ata o final da campaña.

Para esta modalidade de visita tamén é preciso facer reserva previa co Oficina de Turismo e o custo, para este percorrido espeleolóxico de maior duración e dificultade, é de 40 euros por persoa.



## Comezou a instalación do ascensor no Centro de Día Residencia

O Concello de Cervo traballa estes días na instalación dun elevador adicional no Centro de Día Residencia que mellorará a accesibilidade deste edificio municipal e tamén o día a día das persoas usuarias e do persoal que traballa no centro, con capacidade para 54 persoas internas e 25 usuarios/as para o centro de día. A rexedora, Dolores García Caramés, e a edil de Servizos Sociais, Pilar Armada, achegáronse ata o centro para supervisar a obra que supón a instalación dun novo ascensor eléctrico no centro da fachada lateral do centro, ao final do corredor dos pisos superiores, destinados a residencia, afectando o menos posi-



ble á distribución interna do edificio "e que contribuirá tamén a mellorar o nivel de autonomía das persoas usuarias e a funcionalidade e a loxística interna do centro".

O elevador, con capacidade para 11 persoas e 5 paradas, supón un orzamento que supera os 162.000 euros procedentes do remanente de tesourería das arcas municipais.

### EN BREVE

**EXPOSICIÓN.** A casa da cultura de San Cibrao acolle ata o 3 de maio a impresionante mostra fotográfica de Sindo Novoa, Un día na Rapa das Bestas, Do monte ó curro. Esta mostra permitirá coñecer de preto como se vive esta Festa en Sabucedo, a través da óptica deste fotógrafo. A inauguración da exposición será o sábado, 6 de abril, ás 12.30 horas na Sala de Exposicións da casa da cultura.

**FROITEIRAS.** A rexedora e a edil de Medio Ambiente fixeron entrega das árbores froiteiras e autóctonas aos veciños que quixeron participar neste pedido conxunto, que dende o Concello se leva tramitando dende hai varios anos. O número de exemplares entregados nesta ocasión foi de 145 árbores solicitados por unha vintena de veciños e veciñas.

**OURIZO.** Celebrouse a XXI edición do Concurso Gastronómico do Ourizo, a antesala da Festa declarada de Interese Turístico Galego, e fíxose a entrega dos premios aos gañadores. Así, os pratos premiados foron Ourizo da horta, da Bodega de Ana; Sándwich mariñeiro, da Bodega de Ana; e Nubes de erizo, de Las Titas. Segundo as votacións do xurado, que premiaron aspectos como o sabor, a innovación, a presentación ou a sensación no padal. O xurado estivo composto polo membro da asociación provincial de Cociñeiros de Lugo, Bruno Pena, polo vicedirector do IES de Foz Xosé Lois Ansemil e polo barista Iago Rivas.



**DESFIBRILADOR.** O Concello de Cervo vén de impartir un curso de uso e manexo do desfibrilador semiautomático entre o persoal do Centro de Día Residencia. Así, recibiron formación sobre como actuar ante situacións de atragoamento ou outras lesións ou patoloxías similares.

## A Deputación mellorará a estrada de Castelo a Trasbar

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación por preto de 500.000 euros de obras de mellora na estrada LU-P-1503, que é a vía que vai de Castelo a Trasbar, no concello de Cervo. Unha nova actuación, coa que "seguimos mellorando a rede de estradas provinciais, neste caso, na Mariña", subliñou a voceira socialista, Pilar García Porto.

Os traballos teñen un prazo de execución de 9 meses e afectarán a case 3 quilómetros, desde o inicio da estrada ata o punto quilométrico 2,6. Consistirán na reapertura das cunetas, eliminando a vexetación e os soterramentos; e no ensanche en varios tramos da calzada ata chegar a acadar nalgún punto os 5,75 metros, o que permitirá garantir unha maior seguridade para o paso de dous vehículos.

Para lograr eses anchos de vía, realizaranse traballos de drenaxe nos que será necesario entubar as cunetas ou revestilas sobre as xa existentes. Posteriormente, botarase sobre a calzada unha base de grava para regularizar o firme e logo, aglomerado en quente. A obra rematará coa sinalización e pintado mediante marcas viais reflexivas brancas.

García Porto subliñou que se trata dunha actuación "moi importante e demandada pola veciñanza porque esta vía enlaza coa estrada provincial LU-P-1502, que comunica co concello de Burela e o Hospital da Mariña". Ademais, concretou que coas melloras nesta estrada "damos un servizo máis seguro e cómodo para os veciños de Trasbar e de Castelo, pero tamén doutras parroquias da zona", concluíu Pilar García Porto.

## El Combo Dominicano será o cabeza de cartel do I Festival do Guioncho



O I Festival do Guioncho, organizado pola A.C. Comisión de Festas de Lieiro, celébrase o vindeiro o 13 de abril nunha carpa instalada na Praza dos Campos e desde o Concello de Cervo animan á veciñanza a participar.

A cita foi presentada pola rexedora, Dolores García Caramés, pola tenente de alcaldesa, Mali Méndez, e por unha representación da asociación que se

encarga do evento, que terá como cabeza de cartel a El Combo Dominicano, acompañado pola orquestra Waykas. A entrada anticipada por un prezo de 10 euros pode adquirirse nos locais comerciais ou ese mesmo día no despacho de billetes a partir das 18.00 horas. Haberá tamén servizo de autobuses con saída ás 22.00 horas desde Viveiro e Burela.

## Nova edición da campaña medioambiental Coida Cervo



O Concello de Cervo, a través da delegación de Medio Ambiente, anima á veciñanza a participar na campaña de concienciación medioambiental Coida Cervo, unha iniciativa de voluntariado aberta a toda a poboación "co obxectivo de poñer en valor as boas prácticas individuais no noso día a día no coidado e protección da contorna", tal e como precisaron a rexedora, Dolores García Caramés, e a edil de Medio Ambiente, Mali Méndez, durante a presentación do programa este mediodía na Casa do Concello.

Tal e como apuntou a alcaldesa, "Cada día temos máis conciencia ecolóxica pero queda moito

camiño por percorrer, queremos que Cervo siga medrando como concello ecoamigable, e para elo necesitamos tamén da colaboración da veciñanza, que agardamos que se sume a esta proposta".

O programa que se articula sobre tres eixos de actuación (praias e ríos; montes e camiños e reciclaxe de plástico, vidro e cartón) xa arrincou en marzo e seguirá co seguinte calendario en praias e ríos 10 abril, 8 maio e 10 xuño. E en montes e camiños será o 17 de abril; 15 de maio e 17 de xuño. O de reciclaxe plástico e cartón será o 27 de marzo, 24 de abril, 22 de maio e 24 de xuño.



## A Asociación de Veciños de Mor organiza unha excursión

A Asociación de Veciños de Mor organiza para o domingo 28 de abril unha excursión para todos os veciños e veciñas e para todos aqueles que queiran gozar dunha agradable xornada.

A ruta fará a súa saída pola mañá en autobús dende Alfoz, parará na feira de Meira, visitará o Museo e Castro de Viladonga en Castro de Rei, e despois será o xantar no Restaurante Río Lea en Castro Ribeiras de Lea.

Xa pola tarde haberá unha visita guiada á Fortaleza de San Paio de Narla en Friol e volverase a Alfoz.

O prezo da excursión é de 25 euros para os socios, 35 para os que non o sexan e 15 euros para nenos de menos de 12 anos. O prezo inclúe a viaxe en autobús, as visitas anteriormente mencionadas e a comida.

Hai prazas limitadas polo que é necesario reservar chamando ao 657 109 592 antes do 23 de abril.

## Aberta a convocatoria a selección dun arquitecto técnico

O Concello de Alfoz abriu a convocatoria para o proceso de selección dun arquitecto técnico. Este posto estará adscrito á área funcional de urbanismo, obras e servizos, desenvolvemento local, medio ambiente e medio rural do Concello de Alfoz. É un posto correspondente ao Grupo A, Subgrupo A2, e será mediante o sistema de concurso oposición libre.

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante a presentación dunha instancia, que ten de prazo 20 días hábiles dende o 20 de marzo do 2024.

## VIA Alfoz organizou a X ofrenda floral en homenaxe ao 8M

VIA Alfoz organizou a décima edición da tradicional ofrenda floral na conmemoración do Día Internacional da Muller. A ofrenda iniciouse cunhas palabras na voz de Carmen Geadá, primeira concelleira de VIA Alfoz, e Concelleira de igualdade durante 2015-2019. “A igualdade segue sendo unha quimera. Co movemento feminista aspírase a reivindicar que, sen nós, o mundo para”, dixo Geadá.

## O PP pide a ampliación e arranxo dunha ponte



Os deputados provinciais Antonio Ameijide, Demetrio Salgueiro e José María Fernández estiveron en Alfoz, xunto ao voceiro municipal Juanjo Fraga e os concelleiros da agrupación local, e comprobaron o estado no que se atopa un dos piares dunha ponte situada na estrada LU-P-0203, moi preto da conexión coa estrada LU-P-0206.

Ademais desta actuación, tamén sería preciso estudar a posibilidade de anhear esta ponte e outras situadas na estrada LU-P-0207 xa que “o paso dos vehículos é complicado polo estreitamento da vía nestas infraestruturas” xa que “é imposi-

ble que pasen dous vehículos ao mesmo tempo”.

“Non se preocupan pola seguridade”, dixeron os deputados tras comprobar “a enésima despreocupación de José Tomé por garantir a seguridade nas estradas provinciais”.

O voceiro provincial, Antonio Ameijide, insiste na necesidade de mellorar de forma urxente o mantemento das estradas provinciais xa que “son un verdadeiro perigo” para a seguridade dos seus usuarios.

Ante esta situación, os deputados populares presentarán un rogo para solicitar á Deputación que realice estas actuacións.

## Alfoz Solidario fará a súa gala anual contra o cancro o 13 de abril



O sábado 13 de abril, na Finca Galea de Alfoz, celebrarase unha nova edición da gala benéfica Alfoz Solidario, a favor da Asociación Española Contra o Cancro. Ademais de poder participar na propia gala, que “desta volta se celebrará a mediodía con comida e baile”, segundo indican desde a organización, que tamén se pode colaborar mediante donativos á Mesa Cero para aquelas persoas interesadas en colaborar e que non podan asistir. Por outro lado, as empresas e lo-

cais comerciais que o desexen, tamén poderán colaborar aportando agasallos que se sortearán.

Os participantes e as empresas que desexen colaborar poden poñerse en contacto con calquera membro da organización. Os tickets poñeranse á venda a mediados deste mes de marzo.

Desde o grupo organizador agradecen a todos os colaboradores a súa implicación nesta causa solidaria.

## O Plan Básico Municipal sométese a información pública dous meses



Foi asinada a aprobación inicial do Plan Básico Municipal do Concello de Alfoz, un proxecto que comezou a súa andaina na pasada lexislatura na que o anterior alcalde, Jorge Val Díaz, comunicou á Xunta de Galicia a súa intención de adherirse a dito proxecto.

Trala exposición ao público para a súa avaliación ambiental, nesta lexislatura remitiuse información sobre as servidumes aeronáuticas, as concesións de auga e a capacidade da EDAR.

“A partir de agora imos ordenar

o noso territorio e apostar por un urbanismo responsable no noso concello”, dixo a rexedora Efigenia Maseda.

Ao longo de dous meses e ata o 19 de maio, estará en exposición pública o Plan, tanto a través dun ligazón desde a páxina web do Concello, como de xeito presencial na casa consistorial a onde acudirán técnicos da empresa redactora do Plan para a resolución de dúbidas ou de axuda na presentación das alegacións oportunas que podan xurdir.

## A casa da cultura acolle o ciclo Música de primavera

Os vindeiros sábados 13, 20 e 27 de abril ás 19.30 horas, o salón de actos da casa da cultura acollerá o ciclo Música de primavera.

Esta cita comezará o sábado 13 coa orquestra de corda do Conservatorio de Viveiro, seguirá o 20 coa Asociación de Acordeonistas da Mariña e rematará o sábado 27 coa Coral Polifónica de Foz.



## O Concello prepara un curso de cultivo de flores de primavera

O Concello prepara un curso de cultivo de flores de primavera e verán e que inclúe secado de flores. Será os vindeiros días 5 e 6 de abril.

O curso farase en horario de tarde na Aula OMIX situada na casa da cultura de Alfoz, e será totalmente de balde pero para participar será necesario ano-

tarse pois as prazas son limitadas e cubriranse por orde de solicitude.

Para as inscrición haberá que chamar ao teléfono 982 558 001. Esta actividade foi solicitada á Reserva da Biosfera Terras do Miño que depende da Deputación Provincial de Lugo, da cal o Concello de Alfoz forma parte.



# “O galego é a miña lingua de referencia para a literatura”

Lionel Rexes foi premiado recentemente polo seu relato *Aliento de cárcel*

## De onde vén o seu amor pola escritura?

De neno lía moito e cando os argumentos non me convencían (mesmo os dos cómics), escribía a miña historia aproveitando os personaxes da obra que viña de ler. Xa de adolescente comecei a fixarme nas columnas periódicas e editoriais dos xornais, e prestábame moito máis iso ca ler as noticias; agora decátome de que era porque eses textos agochaban unha semente literaria.

## Vostede naceu en París, por que se mudou a Alfoz?

Veño dunha familia da emigración. En París só vivín ata os tres anos, despois os meus pais optaron por Madrid para montar un negocio. Alí estudei e vivín ata os 23 anos. En 1994 establecíame en Alfoz, onde os meus construíran unha vivenda. Cal foi o motivo? Que ao ter medrado nun ámbito profundamente galeguizador (a colectividade galega era moi ampla en Madrid e conservaba o idioma, a cultura, certas tradicións...) sempre me identifiquei con Galicia e acabei sentindo a súa identidade como propia.

## Cando comezou a escribir e que lle impulsou a escribir o seu primeiro libro?

Escribir, escribo desde sempre. De maneira seria e rigorosa hai trece anos, cando me concederon un premio literario por primeira vez; isto abriume o camiño. O primeiro libro que me publicaron foi ‘A raíña das velutinas’, aínda que antes xa publicara un caderno sobre os ditos e os refráns propios da comarca do Valadouro. ‘A raíña das velutinas’ nace dun encontro na Casa da Penela (Vilamor, Mondoñedo) co derradeiro guerrilleiro vivo, Francisco Martínez “Quico”, nado no Bierzo en 1925.

## Cantos libros leva?

‘A raíña das velutinas’ (Xerais, 2017), ‘A montaña do poeta’ (Xerais, 2022), e en maio sairá ‘Nove lúas’, publicado por Edicións Embora. As dúas novelas publicadas por Xerais obtiveron os premios Lueiro Rey do Concello do Grove, e a terceira foi recoñecida co premio Neira Vilas, que convoca a propia fundación.

Recentemente recibiu o premio XXIII Certamen Internacional de Relato Corto Encarna León de Melilla. Como o recibiu?

Recibín a noticia con moita emoción porque non o imaxinaba. As bases exixían unha temática moi concreta (igualdade, denuncia da discriminación da muller...) e isto sempre establece expectativas que o autor non sempre é capaz de cumprir. Cando souben que se presentaran 577 obras procedentes de todo o mundo sentín vertixe, e aínda hoxe me pregunto onde radica o acerto. Supoño que na sutileza á hora de tratar certas cuestións difíciles de abordar, como a vulnerabilidade dunhas prisioneiras recluídas nun calabozo.

**De que trata ‘Aliento de cárcel’?**  
Parto de feitos históricos mesturando os datos sobre o calabozo de presas políticas de Correlos coa morte do “Gardarríos” en

**“Empecei na narrativa breve, pasei á novela, probei no teatro infantil, e ultimamente fixen unha incursión na poesía”**



1948. É unha historia da posguerra que recrea a angustia dun grupo de mulleres detidas pola súa militancia ideolóxica ou polos seus vínculos con persoas leais á República. Ata hai uns meses, o antigo calabozo formou parte das dependencias dun restaurante, hoxe pechado, e eu teño visitado ese habitáculo de pedra en moitas ocasións. ‘Aliento de cárcel’ é, por riba de todo,

unha homenaxe ás mulleres que alí sufriron presidio, mais tamén ás mulleres de Correlos que me transmitiron a historia do calabozo.

## Alfoz inspíralle para escribir?

O Alfoz do Castrodouro, como a min me gusta chamarlle por razóns históricas, é un territorio cheo de lendas, mais tamén de sucesos unidos á Historia con maiúsculas que non todo o mundo coñece. Por exemplo, o xuíz que condenou a Mariana Pineda no século XIX era natural de Adelán; isto só é un pequeno exemplo. Eu resido no barrio de Correlos, na parroquia de Mor, e aquí hai moitas historias vinculadas coa Guerra Civil, coa posguerra, cos escapados, mais tamén unha historia negra de crimes e desterros. O meu territorio inmediato supón unha fonte de materia inesgotable.

## Escribe en galego ou castelán? Cal prefere?

O galego é a miña lingua de referencia para a literatura e para a vida en xeral. Nesta ocasión optei polo castelán por tratarse dun premio internacional que o demandaba nas bases do cer-

tame, mais téñome presentado en galego a certames de fóra de Galicia se así o contemplaban as bases. Como xa dixen, para min a lingua galega é unha opción vital.

## Valora os clubs de lectura como ferramentas divulgadoras da cultura?

Por suposto, creo que debere existir un en cada Concello, do



Fotografía de Belga

mesmo xeito que hai bibliotecas de ámbito municipal. Facer unha presentación literaria ante un club de lectura é toda unha

**“Creo que debere existir un club de lectura en cada Concello, do mesmo xeito que hai bibliotecas de ámbito municipal”**

experiencia. Moitos lectores, ao estar tan afeitos a ler, analizan a obra con precisión cirúrxica. Encontrei verdadeiros expertos en literatura nos clubs de lectura.

## Aféctanlle as críticas?

Se veñen de lectores téñoas moi en conta. Para min o lector é unha figura á que teño sumo respecto. Aprendo moito deles cando me chegan comentarios a través das

redes sociais. As críticas “oficiais” publicadas en medios de comunicación non me preocupan; por outra banda, debo dicir que nunca recibín ningunha crítica destrutiva, todo o contrario.

## Pódese vivir de escribir libros?

Se es metódico e disciplinado e tomas a literatura como un emprego, si. Para iso debes cumprir unha xornada laboral como en calquera outro traballo, non fiarte diso que chaman inspiración nin agardar a visita das musas. As ideas saen de botar moitas horas diante do computador e mais do caderno de anotacións que vai comigo en todo momento. Por outra banda, os premios, a colaboración en publicacións especializadas, a participación en xurados literarios, as actividades en entidades culturais, centros educativos, feiras do libro, etc., completan os ingresos do escritor profesional.

## Cal é o seu xénero preferido? E escritor?

Esta si que é unha pregunta complexa! Nin sequera sei que xénero cultivo porque os críticos coinciden en que as miñas obras mesturan varios deles. Empecei na narrativa breve, pasei á novela, probei no teatro infantil e tivo recoñecemento, ultimamente fixen unha incursión na poesía e sorprendéronme cunha gratificación... Se me pides un estilo dentro da narrativa podería mencionar o *thriller*, sen confundilo coa novela negra, que é outra cousa. Os meus autores preferidos son Cunqueiro, Rosalía, Manuel Lourenzo, Álvarez Torneiro, García Márquez, Benedetti... mais existen outros proxectos literarios magníficos como *Aldaolado* ou as propias letras de Sés.



## Remataron as obras de renovación integral do teleclub de Vilaformán



Remataron as obras de renovación integral do teleclub de Vilaformán, unhas obras que se realizaron grazas a un convenio de colaboración asinado a finais do 2023 entre o Concello de Trabada e a Deputación de Lugo.

A institución provincial aportou unha achega de 48.356,42 euros e o orzamento total das obras foi do 51.656,42 euros, polo que o Concello de Trabada engadiu de fondos propios 3.300 euros para a rehabilitación do antigo teleclub de parroquia.

“Un novo paso para dotar a Trabada de novas infraestruturas

públicas, cun centro que dará servizo á veciñanza da parroquia, axudando a dinamizar a súa vida social co uso deste teleclub para diferentes actividades”, asegura Rubén García, que agradece a colaboración da Deputación de Lugo.

Os traballos consistiron nunha renovación integral, incluíndo a rede eléctrica e os equipos de iluminación, a demolición de tabiques, pavimentos e revestimentos interiores e na retirada da carpintería de madeira existente. Renovouse tamén por completo o cuarto de baño e a plaqueta do chan.

## O Concello quere mellorar a accesibilidade ao centro social de Vilapercide



O equipo de Goberno local quere mellorar a accesibilidade ao centro social de Vilapercide para a que solicitou unha subvención de 29.379,70 euros á consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta.

“A actuación consiste na adecuación dun acceso rodado ata unha explanada, onde se disporá dunha praza de aparcadoiro adaptada e un espazo de xiro para vehículos, así como dun acceso destinado a peóns que garanta a accesibilidade universal,

cunha pendente suave e un pavimento adecuado que permita o cómodo acceso para persoas con mobilidade reducida”, explica o alcalde de Trabada, Rubén García.

“Dentro deste proxecto, prestamos unha especial atención á integración no entorno, utilizando materiais e acabados que harmonicen coa paisaxe urbana e minimizando o impacto visual mediante a adecuada disposición dos elementos como bordos, muros de pedra e sinalización”, engade.

## A parroquia trabadense de Vilapena contará cunha nova área recreativa

O Concello quere ampliar a súa rede de áreas recreativas coa posta en marcha dunha nova na parroquia de Vilapena. A parcela na que estaría a área recreativa, de propiedade municipal, está situada moi preto do núcleo rural de Vilapena, na parroquia de Vilapena. Está ademais no inicio e no remate da Ruta Circular da Fraga da Vilapena.

“A proximidade da parcela a unhas das rutas de sendeirismo máis importantes do concello pon en valor a súa conversión en área de descanso para veciños e visitantes”, explica o alcalde, Rubén García.

“A necesidade da intervención xustifícase principalmente nese uso frecuente da ruta e na proximidade ao núcleo de Vilapena, condicións que a converten no lugar idóneo para a creación da área recreativa e de descanso”, engade o alcalde de Trabada.

**ÁREA DA CHOZA.** Así mesmo, quere levar a cabo actuacións de restauración, renovación e adecuación da área recreativa da Chozza, na parroquia de Ría de Abres.

Estes traballos darían continuidade a outras obras realizadas na zona nos últimos anos, como o espazo para autocaravanas ou a mellora dos accesos á propia área recreativa da Chozza, que está á beira do río Eo e ofrece varias zonas de descanso onde gozar do ambiente fluvial.

As actuacións que se levarían a levar a cabo son a renovación dos carteis informativos e dos murais de madeira; a adecuación da pasarela de



madeira e da varanda de madeira; a restauración do miradoiro de aves, e a instalación de novos elementos de sinalización.

“Á área recreativa da Chozza é un dos espazos de natureza e lecer cos que contamos no concello e queremos renovalo, mellorando as infraestruturas a disposición dos nosos veciños e dos visitantes”, sostén o alcalde de Trabada, Rubén García.

**PAVILLÓN.** O Goberno local tamén quere substituír a cuberta do pavillón municipal e adquirir unha máquina fregadora-aspiradora para a limpeza da pista das instalacións. O alcalde engade que “queremos continuar coas actuacións de mellora da envolvente térmica dos edificios e infraestruturas municipais, coma xa fixemos con varias das antigas escolas das parroquias”.

## O PP pide amparo á Valedora do Pobo para ter acceso á información diaria do Concello

O voceiro do PP de Trabada, José María Fernández, presentou un escrito pedindo o amparo da Valedora do Pobo ante as reiteradas faltas de transparencia que se producen dende o goberno local de Trabada. Fernández afirma que “vímonos na obriga de realizar esta petición de amparo ante a Valedora do Pobo ante as reiteradas ausencias de resposta ás peticións de acceso ao sistema de información Gestiona”.

Dende o PP de Trabada explican que “lamentablemente vemos como nada cambiou co novo alcalde, xa que se manteñen as mesmas malas praxes do pasado”,

ao que engadiu que “pese a que o novo rexedor prometeu aos veciños unha nova etapa política, vemos todo o que debería de mudar mantense no día a día municipal, mantendo o libro de estilo da antiga alcaldesa”.

O voceiro popular denuncia que “dende o comezo do presente mandato veño reiterando a solicitude de información e documentación do ámbito político local para poder levar adiante a miña función de oposición democrática. É unha actitude grave do ente local, xa que non se toma ningunha medida nin xestión para aportar a información”.

## Trabada adhírese por segundo ano consecutivo ao programa Ruraltic

Por segundo ano consecutivo o Concello de Trabada adhírese ao programa Ruraltic para impulsar a formación dixital dos veciños, veciñas e as empresas do concello.

Así, dende o 2 de abril e ata o 12 de abril impartiranse diferentes talleres para veciños e empresas. A veciñanza recibirá formación de novas tecnoloxías coa finalidade de superar a barreira tecnolóxica, aumentar a autonomía persoal e reducir a brecha social.

As empresas recibirán asesoramento para mellorar o seu posicionamento no mundo dixital e así fomentar a visibilización dos negocios a través da xestión de aplicacións e páxinas web.



## O PP pide que se lle dedique unha rúa ao empresario Ángel Hermida

A proposta do Grupo Municipal Popular de Lourenzá de que o Concello dedique unha rúa ao recoñecido empresario Ángel Hermida Seivane foi rexeitada no Pleno cos votos en contra do equipo de goberno do PSOE e o BNG. Os concelleiros populares subliñan a “contradicción” de ambas formacións; xa que no 2008 votaron a favor do seu nomeamento como Fillo Predilecto do Concello de Lourenzá, que saíu adiante por unanimidade.

Este “cambio de opinión” tamén se deu entre os membros do propio goberno; xa que a alcaldesa dixo que non lle corresponde ao Concello asignar rúas a ninguén e, posteriormente, foi corrixida por un compañeiro do equipo de goberno que rectificaba dicindo que “non é que non se poida facer, é que non o consideramos oportuno”.

Os populares inciden en que “Ángel Hermida Seivane sería merecedor de dar nome a unha rúa debido á súa importante pegada no ámbito empresarial que contribuíu á transformación e desenvolvemento económico do noso concello”. Así, lembran que “co seu esforzo conseguiu que a súa empresa e Lourenzá tiveran un lugar destaca-



do na provincia”. De feito, chegou a crear 200 empregos na zona.

O PP lauretino ten claro que “o seu nome debería figurar nalgunha das rúas de Lourenzá, sen prexuízo de outorgar este mesmo recoñecemento a algún outro veciño do noso concello”. É máis, “oxalá pronto o Concello teña que conceder o título de Fillo Predilecto a algún lauretino ou lauretina”.

**VALEDORA DO POBO.** Tamén venñen de rexistrar unha queixa dirixida á Valedora do Pobo en relación ao funcionamento do Concello. Os concelleiros populares consideran que “a negativa do goberno local

a facilitarnos o acceso a través de medios dixitais á documentación e información relacionada coa actividade municipal vulnera os dereitos que recolle a Constitución para os concelleiros”. O portavoz, Roberto Díaz, sinala que “sen acceso á documentación non podemos levar adiante a nosa función de oposición democrática, o que nos parece unha actitude grave por parte dos responsables do goberno municipal”.

“O que pedimos é que o Goberno local tome medidas para aportar a notificación e información de toda a actividade municipal á que temos dereito”, explica Díaz.

## A chuvia non mingou as ganas de celebración do Entroido

O tradicional e esperado desfile de Entroido ou Domingo de Piñata de Lourenzá, que foi aprazado xa en dúas ocasións, celebrouse por todo o alto o sábado 17 de marzo.

Malia que a chuvia desluciu un pouco a celebración, non mingou as ganas de festa que tiñan os centos de participantes. Segundo Javier Huertas, presidente da Asociación de empresarios de Lourenzá, colectivo organizador, “a participación foi bastante abundante, tivemos 1.180 persoas inscritas e despois en canto a público había moitísimo”.

“A mágoa foi que xusto ao comezar o desfile e ata rematar estivo caendo unha balloada impresionante”, engade Huertas, “pero todo o mundo, participantes e público aguantaron a forte chuvia, estamos moi contentos e moi agradecidos”. Despois do esperado desfile o Dúo Belinda seguiu animando a festa.



“Hai que destacar a boa organización que tivemos, que saíu perfecta, e para intentar compensar a gran entrega que tiveron os participantes, intentamos repartir os premios que quedaron desertos”, sinala Javier, “por exemplo no caso das comparsas, participaron 6 e entregámoslles premios ás 6,

ao igual que aos pequenos, que estaban pingando e aguantaron como uns campións”.

Esta celebración de Entroido foi adiada primeiramente ao 25 de febreiro pola coincidencia coas eleccións galegas, e despois volveuse a mudar de data polas inclemencias meteorolóxicas.

## O BNG de Lourenzá di que desapareceu o camiño dende a ponte de Cuñas



O BNG de Lourenzá vén de informar que desapareceu o muro no camiño dende a ponte de Cuñas e “apareceu un cargamento de troncos polo que o camiño segue ocupado”.

Segundo a voceira nacionalista, Belen Fanego, “o muro desapareceu e agora está o camiño tapado con madeira de poda ou algo similar”, din, “agardamos que a ocupación sexa temporal”. Así mentres, os nacionalistas están a agardar unha resposta do Concello pos xa rexistraron un

“escrito o día 4 de marzo para saber se había licenzas e permisos e seguimos sen resposta a día de hoxe”, di Fanego, “ademais, oficialmente non temos contestación pois a persoa encargada dos informes segue de vacacións”.

“Nós pensamos que é un camiño público, e non nos consta que fose desafectado”, engade a voceira nacionalista, “hai bastante malestar dos veciños con este tema”.

## Augas de Galicia limpou os treitos interurbanos do río Baus



A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, vén de rematar as actuacións de conservación e limpeza nos treitos interurbanos do río Baus, no concello de Lourenzá.

Estas tarefas desenvolvéronse nunha lonxitude de 226 metros, no percorrido deste río pola parroquia de San Xurxo de Lourenzá. En concreto, os traballos iniciáronse tras recibir o servizo de Conservación Fluvial de Augas de Galicia a notificación da demarcación hidrográfica da Mariña da existencia de dúas árbores caídas obstruíndo

o dominio público hidráulico. Os traballos centráronse na roza puntual e selectiva e na retirada de árbores e biomasa presente na canle para evitar atoaamentos.

Unha vez finalizadas estas actuacións, o río Baus quedou despechado de maleza, posibilitando así a circulación fluída das súas augas. Augas de Galicia desenvolve estas accións no marco do programa de mantemento, conservación e mellora do dominio público hidráulico das bacías de Galicia-Costa e nas súas zonas de acceso e protección.



## o valadouro

## A XXVII Concentración de Motos será en maio



O Moto Clube Valadouro vén de presentar o programa da XXVII Concentración de Motos Valadouro, que será os días 3, 4 e 5 de maio de 2024. Así, o venres 3, ás 18.00 horas abíranse as inscricións con cervexa de benvinda e ás 22.00 horas comezará a picada moteira a base de churrasco, chourizo, empanada e pan. Ás 00.00 horas o grupo The Rock Legend ofrecerá un concerto e ás 01.30 horas será a quenda da disco móbil.

Xa na xornada do sábado 4, ás 9.00 horas abrírase o mercado semanal do pobo e ás 11.00 horas terá lugar unha pequena ruta para que a media mañá sexa a apertura de inscricións con cervexa de benvinda. Xa ás 14.00

horas farase a comida no polideportivo. Pola tarde haberá inchables gratis para os máis pequenos, unha exhibición acrobática e ás 20.00 horas realizarase o peche de inscricións e o sorteo dun xamón.

A partir das 21.00 horas todos os presentes poderán asistir a unha cea e despois a outra exhibición acrobática. Máis tarde a orquestra Charleton Big Band amenizará a xornada. O domingo 5 ás 10.00 horas os asistentes poderán gozar dun xantar, seguido da ruta turística. A comida moteira de despedida celebrarase ás 14.00 horas, onde levará a cabo a entrega de trofeos e o sorteo de agasallos, poñerá punto final a esta nova edición da concentración.

## O PP di que o Concello renunciou a unha subvención

O voceiro popular, José Manuel Lamela, sinala que “o Goberno local rexeita unha subvención de 50.000 euros da Xunta para arranxar o interior do pavillón municipal e dende o PP “non entendemos esta decisión e, concretamente, o concelleiro de deportes, do BNG, por renunciar despois de ter concedida a axuda e publicada no DOG”. Lamela, considera que se trata “dunha forma pouco seria de xestionar o que é de todos” porque “esta axuda poderíase ter aproveitado para mellorar o pavimento das distintas zonas, as gradas ou

outros espazos no pavillón que é empregado en horario escolar polo alumnado do Ceip Plurilingüe Santa María do Valadouro”. A axuda concedida pola Xunta ao Concello do Valadouro como recolle a resolución da convocatoria de axudas en réxime competitivo para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable, na liña 1, era dun total de 50.000 sobre o total de 74.850 euros ao que ascendía o proxecto.

## O GDR realizará un Curso de Herbas Medicinais gratuío

A Reserva da Biosfera Terras do Miño, que xestiona a Deputación Provincial de Lugo, en colaboración co GDR Terras de Miranda, realizará un Curso de Herbas Medicinais: Elaboración de Engüentos. Realizarase no local social de Montes

de Alaxe no Valadouro os días 5 e 6 de abril en horario de 16.00 a 20.00 horas o venres e de 10.00 a 14.00 horas o sábado. Hai un límite de 15 prazas polo que será necesario anotarse chamando ao 626 162 791.

## A veciñanza poderá desfrutar da nova Ruta de pinchos 2024

A veciñanza poderá desfrutar no mes de abril de 20.00 a 23.00 horas da XIV Ruta de pinchos 2024. As tapas teñen un prezo de 3,50 euros. Esta cita comezará o venres 19 e seguirá o sábado 20 coa ruta número 1 no que participan café-bar San Esteban, La Bodeguita del Puerto, mesón O Remo, cafetería Casa da Cultura, Café-bar Santo Domingo, merendeiro Los Árboles de Xilloi. A seguinte fin de semana, o venres 26 e sábado 27, será a quenda do chiringuito de Abrela, Casa Fanego e o restaurante Area Grande. Haberá premios ao mellor pincho elixido polo público. A entrega do premio será o día 16 de maio.

**OUTRAS ACTIVIDADES.** O domingo 14 de abril poderase desfrutar da obra de teatro de Aspanane ás 18.30h na casa da cultura. O sábado 20 será a queda das charlas e proxeccións de Galicia Latente, e o sábado 27 de abril volverá o teatro coa obra ‘A Fuga’.

**CURSO.** A casa da cultura acollerá o vindeiro 9 de abril un curso sobre exercicio físico e hixiene postural. Incluirá anatomía, manexo de cargas, o papel da actividade física na saúde e recomendacións. Esta cita farase en horario de 16.30 a 20.30 horas e para asistir é necesario inscribirse chamando ao 982 590 195.

## María Pérez, concelleira do PSOE, renuncia a súa acta



María Pérez Santaballa, avogada e candidata do PSdeG á Alcaldía do Vicedo nas pasadas eleccións municipais de 2023, vén de renunciar a súa acta como concelleira. No seu lugar queda Verónica Canoura Paz. A candidata agradeceu “o apoio e a confianza que depositaron en min tódolos meus compañeiros e compañeiras da agrupación socialista”. Así, desde o PSdeG comunicaron que “é unha mágoa anunciar que a

nosa voceira María Pérez Santaballa presentou a súa renuncia como concelleira por motivos de saúde”, indicaron desde o Partido Socialista, “María, gracias por todo este tempo con nós, somos un equipo, somos o teu equipo”.

Cando se presentou Pérez Santaballa dixo que “O Vicedo precisa un cambio, e temos capacidade de traballo e experiencia para atender as necesidades dos veciños”, aseguraba.

## A Fundación da Construcción ofrece un curso de prevención

A Fundación Laboral de la Construcción en colaboración co Concello do Vicedo ofrece un curso de 60 horas de nivel básico de prevención en construción.

Será na casa da cultura do Vicedo e está destinado a persoal traballador de concellos, alumnos/as traballadores obradoiros de emprego, persoas

desempregadas e cidadáns en xeral interesados na acción formativa. Non hai límite de prazas e celebrarse do 15 ao 24 de abril de 2024. Os interesados deberán contactar co Director do Obradoiro de Emprego ou chamar por teléfono a casa da cultura do Vicedo no teléfono 982 590 195.

## Licitado o sendeiro litoral entre Os Castelos e a praia de Fomento

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, deu conta do anuncio recollido no Bolelín Oficial do Estado sobre a licitación do proxecto de execución do sendeiro litoral no concello de O Vicedo entre Os Castelos e a praia de Fomento, que se construíra tras a recuperación da servidume de tránsito. O orzamento base de licitación é de 311.469,47 euros.

Esta senda comeza no Camiño da Fábrica e discorre ata o entronque co paseo de Os Castelos, construído recentemente pola Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar na avenida de Arealonga do concello mariñao. Ademais, acondicionouse parte do espazo na praia de Fomento, que sumado ao novo anuncio permitirá continuar coa mellora e conexión deste tramo do litoral.

## A asociación cabalar Rías Altas organiza o IX Ruta Cabalar



A asociación cabalar Rías Altas do Vicedo invita aos amantes dos cabalos a percorrer as praias do Vicedo o vindeiro 1 de xuño na súa nova edición da ruta.

A saída será a partir das 10.00 horas desde o colexio do Vicedo, na rúa Maxisterio, e farase unha parada ás 15.00 horas para o xantar que terá un prezo de 25 euros por comensal agás os nenos ata 13 anos que será de 10 euros. Esta cita estará amenizada por un dúo musical.

A organización lembra que para anotarse haberá que chamar aos teléfonos 677 452 735 ou 652 399 628.

O colectivo demostra que a paixón polos equinos, que quedou reflectida en espectáculos coma as rapas das bestas este verán, segue moi viva na Mariña lucense.



# “Buscamos impulsar o territorio a través do coñecemento”

**Nordés. Asociación de Desenvolvemento das Terras da Faladora é un colectivo que destaca por unir a cultura, a lingua e o medio ambiente**

## Como nace Nordés?

O xermolo xurdiu nunha sobremesa en Casa Urbano, a casa de comidas das Grañas do Sor en Mañón, logo dunha ruta da II edición das ‘xornadas de Memoria dun Tempo’ que organizaba daquela o colectivo Memoria e Dignidade. Era o ano 2012.

## Con que motivación xorde?

Naquel “terceiro tempo” había amizades que compartían inquedanzas sobre o territorio que habitaban, do que procedían ou ao que estaban vencellados por distintos motivos. Un territorio máis alá da organización administrativa dos concellos e das provincias que tiña (e ten) unha serie de necesidades semellantes e que chamaba a organizarse ao redor duns nexos: a cultura, a lingua, o medio ambiente, a serra da Faladora e o desenvolvemento local.

## Que obxectivos ten?

Cun ollo sempre no pasado, outro no presente que vivimos e de cara ao futuro, buscamos impulsar o desenvolvemento do territorio a través do coñecemento. A divulgación e a conservación do patrimonio cultural e natural; o fomento do goce responsable do mesmo e o emprego normalizado do galego en tódolos ámbitos. Un punto importante para nós é a exploración de formas económicas alternativas para fixar a poboación e sosteñer vínculos cas persoas que habitan o territorio.

## Cantos membros ten?

Na asociación distinguimos o grao de implicación das persoas que participan. Por unha banda, temos unha base asociativa que é o noso sustento principal, tanto como motor motivacional como económico. Nos últimos anos temos arredor das 70 persoas. Por outra banda, temos unha serie de asociadas activas que forman parte do grupo de traballo continuo que organiza o calendario de actividades anuais.

## Que concellos acolle?

Os mesmos polos que discorre a serra da Faladora e as súas ramificacións. Denominamos Terras da Faladora aos concellos tanto do litoral, Ortigueira, Mañón e O Vicedo; máis tamén do interior, como Ouro, Muras ou a parroquia do Freixo, das Pontes. Agora ben, o noso ámbito de acción si que se limita á zona costeira xa que a maioría de persoas activas e asociadas viven nos

tres primeiros concellos.

## Que tipo de actividades fan?

En febreiro do ano 2023 cumprimos 10 anos. E contabilizamos máis de 100 actividades, tan diversas como a masa asociativa da que estamos compostos. Comezamos en febreiro de 2013 cunha ruta en homenaxe ao arqueólogo Federico Maciñeira co investigador Xosé-Lois Armada Pita. E hai unhas semanas, achegámonos á experiencia de diferentes persoas que decidiron asentarse no Ortegal e vivir da súa actividade artística. As nosas actividades agrúpanas en aquelas que son fixas anualmente, as que forman parte de ciclos e aquelas outras senlleiras, con entidade por si mesmas. Para resumir, nun ano podemos atopar: desde hai sete anos, o potencial do noso territorio a través da xornadas

nas xornadas sobre micoloxía, non só a nivel ambiental, senón tamén culinario. Todo isto combinado pola uso e defensa da lingua galega. En xeral, mesturamos o goce da cultura co seu coñecemento a través de viaxes, rutas, faladoiros, recitais, obradoiros e calquera outro formato que encaixe.

## Estas iniciativas teñen boa aceptación entre os veciños?

Probablemente esta pregunta teríaa que contestar a veciñanza. Todas as actividades van seguidas dun balance crítico posterior, coa fin de mellorar e manter os obxectivos da asociación. Moitas veces preguntámonos que podemos ofrecer á xente e como podemos atraelas, pero ao fin, a proposta cultural dos concellos agora é variada, e a riqueza está nas opcións dispoñíbeis para



‘Alternativas do Rural’. Nelas mostramos iniciativas e persoas que apostan polo seu proxecto vital na nosa contorna, cando ás veces non semella o lugar idóneo. Cada mes de xuño, celebramos ben o Día dos Océanos ou realizamos o ‘Proxecto Ríos de primavera’ coa rapazada dos colexios do Vicedo e Mañón. No verán abordamos diferentes perspectivas da memoria histórica, poñendo en valor a historia local ou reflexións máis globais. E cada outono aprendemos un chisco máis

todas. En consecuencia, cada actividade atrae a diferentes persoas segundo os seus intereses persoais; e podemos dicir que naceron grupos moi fieis que sempre están presentes nalgunhas delas.

## Colaboran con outras asociacións ou colectivos?

En dez anos de existencia, colaboramos con asociacións e colectivos de xeito puntual ou máis estendida no tempo. Unha das colaboracións máis importantes para nós é a que



xa comentamos cos colexios públicos da ría do Barqueiro (Ceip O Vicedo e Ceip Francisco López Estrada, de Mañón). Outra sería a de estar en contacto cos colectivos locais e veciñais. Un dos máis lonxevos é a colaboración co Proxecto Ríos que en Galicia está coordinado por Adega, quen denuncia na actualidade a retirada do apoio institucional e

reactivamos a chamada para contribuír na iniciativa galega ‘Recycling. Bicicletas solidarias’ que busca dar outra vida ao material deportivo que temos nas nosas casas.

## Que accións futuras teñen en mente poñer en marcha?

En principio as actividades do ano 2024 son continuísta, seguindo cos ciclos dos que xa falamos. Anunciarémos unha colaboración nesta primavera cunha asociación veciñal da zona do Ortegal. Temos proxectos inconclusos aos que lles seguimos dando forma para poder mostrar nalgún momento. E estamos comezando un proxecto colaborativo a longo prazo, que segue a liña de impulsar o estudo da historia local.

## Cales son as necesidades actuais?

A necesidade permanente é a dun continuo diálogo co territorio que nos rodea e os axentes presentes nel. Ao mellor, máis que dunha necesidade, falamos dun desexo que permita a continuación do proxecto, a través da incorporación de xeracións máis novas, e o sosteñ dos vínculos creados.

## Teñen apoio institucional ou algunha entidade?

O apoio principal é o da base asociativa. Ese é o piar sobre o que se constituíu a asociación. Logo, de xeito anual, recibimos a subvención que o Concello do Vicedo proporciona ás asociacións locais. Como calquera subvención pública, xustificamos como repercute ese importe no ámbito local e na propia asociación. E logo, podemos ter doazóns particulares en actividades concretas.

## Que lle piden ao Goberno local?

Un proceso de escoita das necesidades da veciñanza e das propostas das redes asociativas que sexa continuo. E gobernos que camiñen cara un modelo territorial sustentable, onde as persoas que o habitan e o medio sexan coidados.

**“O noso obxectivo é a divulgación e a conservación do patrimonio cultural e natural; o fomento do goce responsable e o emprego do galego en tódolos ámbitos”**

económico que tiñan desde 2005 por parte de Augas de Galicia. De xeito puntual, colaboramos ca cooperativa cultural Mazarelos na súa serie documental ‘Loitar Saben’. Unha das últimas colaboracións foi no ano 2023 durante o día dos Océanos con Lucas Requejo, quen se encargou do contido para o alumnado máis novo. El forma parte da iniciativa Prato\_Do, axencia de innovación social e desenvolvemento sostible da Mariña. E como un exemplo último, hai unhas semanas



## A escritora local Olivia C. Rozas doou o seu segundo libro á Biblioteca Municipal

A escritora Olivia C. Rozas doou o seu segundo libro 'Los hilos del destino' á Biblioteca Pública Municipal de Barreiros xunto con exemplares da revista Nós, a Xente do Redor.

Olivia é unha artista barreirense que, aparte de obras literarias, tamén crea e colabora con incontables artistas de artes plásticas e artesanías.

'Los hilos del destino' é un compendio de relatos de temática romántico-erótica, que abarca varios aspectos das relacións amorosas explorando as complexidades e alquimias do desexo humano. Cada historia somérxenos nos segredos máis íntimos de personaxes complexos, perfectamente construídos que se enfrontan a dilemas éticos e desafían convencións sociais.



Desde o Concello de Barreiros sinalaron que lle "agradecen o detalle de doar estes exemplares para que poidan ser lidos por todas e todos os veciños".

## O PP denuncia que só se están a rozar as vías máis próximas ás praias

Dende o PP de Barreiros denuncian que o Goberno local unicamente está a rozar aquelas vías municipais máis próximas ás praias agora que se achega a Semana Santa, "abandonando ao resto dos veciños que viven na zona interior do concello".

O voceiro popular, José Manuel Gómez Puento, explica que varios veciños de San Pedro de Benquerencia amosaron o seu malestar por ver como se están a limpar as vías que dan acceso ás praias "mentres non se fai nada nas estradas do interior do concello, que non se desbrozan dende hai meses".

Ademais, no PP de Barreiros destacan que as beirarrúas están sen limpar. "Ata nin se preocupan de limpar as herbas e maleza que medra nas zonas de paso da xente, como se non lles importara a imaxe que se transmite do municipio", lamentaron.



Os populares lamentan "esta dobre vara de medir" do Goberno local "que na realidade provoca que haxa veciños de primeira e veciños de segunda" en Barreiros.

Gómez Puento pide un plan de limpeza de vías municipais todo o ano "en lugar de preocuparse en mo-

mentos puntuais do ano".

Neste senso, dende o PP de Barreiros recordan que é preciso "manter en bo estado" as vías municipais todo o ano, con traballos como a limpeza das cunetas, que están cheas de sucidade o que provoca que a auga corra polo firme.

## A alcaldesa reclama a Augas de Galicia "igualdade no trato con respecto a outros concellos"

A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, vén de dirixir unha misiva a Teresa Gutiérrez, directora de Augas de Galicia, na que lle amosa o malestar polo que considera un "trato discriminatorio e discrecional entre concellos á hora de repartir fondos destinados á mellora dos sistemas de saneamento municipais."

A rexedora refírese á situación de encallamento que se está a dar á hora de financiar o proxecto de construción dunha nova depuradora en San Miguel, para o que o departamento autonómico fixou unha regra segundo eles inamovible dun cofinanzamento ao 33%. Porén, sinala Ermida, "estamos vendo continuamente convenios nos que Augas de Galicia financia porcentaxes moito máis altas, de ata o 95 ou o 100% nalgúns casos ben próximos a Barreiros."

Por iso, a alcaldesa reclama da directora, como xa reiterou en numerosos escritos enviados a distintos dirixentes do goberno galego aos que non obtivo resposta, que "se considere un proxecto prioritario á hora de destinar fondos europeos" ou do contrario, continúa non se entende que "non exista unha vontade para afrontar un investimento da prioridade do que se trata."

## O Concello quere mellorar a eficiencia enerxética de varios edificios municipais



O Concello vén de solicitar, con cargo ao Fondo Adicional de Cooperación Local do 2024, unha axuda para realizar diversas melloras na eficiencia enerxética da Escola Infantil, o Centro Sociocultural de San Cosme e os Colexios Vellos de San Miguel.

A alcaldesa explica que se trata de "locais con moito uso e con necesidades importantes en materia de eficiencia enerxética que contribuirán non só a un aforro municipal, senón tamén a incrementar a confortabilidade das persoas usuarias".

Así, na Escola Infantil levaranse a cabo traballos para a mellora do sistema de climatización, mediante a instalación de bombas de calor, que permitirán o mantemento dunha temperatura estable durante todo o ano. Con esta medida, continúaase na liña de mellorar a confortabilidade

para as persoas usuarias -tanto crianzas como persoal da escola- ao tempo que se pretende a redución do gasto público e de combustibles fósiles.

Continuando a liña de investimentos que xa se ten realizado en varios locais sociais, como a legalización das instalacións eléctricas dos mesmos, prevese nesta ocasión unha actuación para a substitución de todas as luminarias do Centro Social de San Cosme (onde se inclúe a biblioteca municipal) e dos Colexios Vellos de San Miguel.

As actuacións previstas con abeiro á axuda solicitada consisten no cambio de toda a instalación eléctrica a sistemas LED que permiten unha redución de gasto público tanto nos consumos como no mantemento, ao tempo que se consegue unha maior eficiencia na propia iluminación.

## Ollomao organiza dous días de teatro en abril

O Colectivo Cultural Ollomao, de Barreiros, organiza dous días de teatro para o mes de abril. Estas citas serán nas Escolas Vellos de San Miguel de Reinante e na casa da cultura do Valadouro.

A primeira das citas é un obradoiro de teatro o cal poderase disfrutar o domingo 7 de abril ás 17.00 horas. Este está aberto

a persoas de calquera idade que compartan o interese común.

Xa o día 20 de abril poderase disfrutar no Valadouro da obra de teatro 'O traballo de Andrea', ás 20.00 horas.

Para participar no obradoiro hai que inscribirse nas súas redes sociais ou tamén dirixir a petición por correo-e a colectivo.cultural.ollomao@gmail.com.

## Renovan a canle municipal de comunicación de WhatsApp para chegar a máis veciños

O equipo de Goberno realizou unha renovación da súa canle de comunicación a través de WhatsApp co fin de darlle un pulo no coñecemento da poboación en xeral.

Esta canle, que se puxo en marcha en plena pandemia, conta xa con persoas usuarias da mesma; pero a alcaldesa, Ana Ermida manifesta que pretenden "conseguir que chegue a moita máis poboación. Somos conscientes que a mensaxería de WhatsApp é cada vez máis utilizada por persoas de todas as idades e queremos que a información do Concello de Barreiros poida chegar de xeito directo e instantáneo a calquera

persoa que o desexe."

Por medio deste servizo o consistorio enviará información aos veciños e veciñas sobre as últimas novidades e eventos do Concello de Barreiros. Así, cada persoa poderá recibir alertas sobre actividades culturais, deportivas, sociais, dos bandos municipais, calendario, situación das praias, situacións de emerxencia e moito máis directamente no seu teléfono a través da aplicación WhatsApp.

**ACCESO.** Tan só haberá que engadir o teléfono 633 600 435 á lista de contactos e enviar a mensaxe ALTA BARREIROS xunto con nome e apelidos vía Whatsapp.



## A Deputación fai unha achega para editar un libro sobre os cemiterios

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Orouro, José Luis Pajón Camba, asinaron un convenio de colaboración para a edición do libro 'A imaxinería nos cemiterios de Orouro: dous canteiros', que ten por obxectivo dar a coñecer e poñer en valor o patrimonio indiano para impulsar o turismo cultural no concello e no conxunto da Mariña.

A institución provincial achega 4.000 euros para a edición desta publicación, obra de Anxo Vázquez Pernas, e que recupera a historia e o traballo de dous grandes canteiros na zona da Mariña Occidental: Xaquín de Gato e Francisco Veiga, máis coñecido como Pena de Miñotos.

O libro consta de 25 capítulos, que percorren a época de maior auge destes dous artistas, desde a elaboración de cruceiros na que destaca a influencia dos Carboeira ata a explosión iconográfica dos cemiterios de Orouro, Merille e Xerdiz, considerado este último o cemiterio indiano máis importante da Mariña. Nas súas páxinas tamén se reflicte o desenvolvemento da economía, as relacións sociais e a relixiosidade de mediados do século XIX e principios do XX do municipio.

José Tomé Roca destacou o valor



desta obra polo seu interese histórico, etnográfico e de promoción, pois "servirá para seguir promovendo o turismo cultural na Mariña aproveitando a súa profunda pegada e tradición indiana".

**HISTORIA LOCAL.** 'A imaxinería nos cemiterios de Orouro: dous canteiros' formará parte da colección composta por catro publicacións: 'Orouro. A nosa historia'; 'Anacos da nosa historia'; 'Cruceiros, cristos, cruces e monumentos do Concello de Orouro'; e 'José María e Manuel Riguera Montero: dous irmáns emigrantes das montañas de Orouro e Muras'.

O alcalde de Orouro agradeceu pola súa parte a colaboración da Deputación porque permite ao Concello sacar á luz unha nova edición que "aporta datos relevantes para coñecer e comprender o pasado e o presente do noso municipio, ao mesmo tempo que axuda a construír o noso futuro". Nestes momentos, o Concello de Orouro, subliñou o rexedor, "non ten un gran fondo local, polo que a colección destes libros é unha maneira de incrementar o número de estudos sobre a nosa localidade coa finalidade de divulgar este coñecemento entre os nosos veciños e veciñas, e transmitir a nosa historia ás novas xeracións".

## O Concello de Orouro crea unha unidade terapéutica para persoas con demencia



O Concello, en colaboración coa Asociación de familiares de persoas con Alzheimer e outras demencias de Viveiro, quere poñer en funcionamento unha unidade terapéutica (servizo de estimulación terapéutica para persoas con Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas).

Esta actividade será no edificio multiusos do Concello os mércores de 16.00 a 19.00 horas e é totalmente de balde. Para o seu desenvolvemento contarase con persoal especializado (traballadora social/educadora social e auxiliar de en-

fermería). Con este recurso quere-se dar resposta a un dobre obxectivo, por unha banda, proporcionar un recurso de respiro familiar para as persoas cuidadoras e por outra manter as capacidades físicas e mentais das persoas beneficiarias e frear na medida do posible o proceso de deterioro.

Todas aquelas persoas interesadas en participar nesta actividade poden dirixirse ao Departamento de Servizos Sociais do Concello de Orouro ou chamando ó teléfono 982 559 109 ou 677 489 457.

## Buscan voluntarios para as I Olimpíadas do Occidente do 15 de xuño

A Concellería Deportes Vegadeo está a buscar voluntarios para participar nas I Olimpíadas do Occidente que se levará a cabo na Caridad, Concello de El Franco, o vindeiro 15 de xuño.

O equipo debe ser mixto composto por 6 mulleres e 6 homes e dous suplentes. Para participar será necesario anotarse escribindo un correo electrónico a [quedanaveiga@vegadeo.es](mailto:quedanaveiga@vegadeo.es) ou ben

no WhatsApp 687 052 654. Segundo o número de rexistrados, a selección do equipo levará a cabo gardando un equilibrio segundo as probas tanto de habilidade como de coñecemento. As I Olimpíadas do Occidente celebráranse con probas de carreiras de zancos, tiro de corda, carretilla, cadeira da raíña, comba, carreira de rolos de herba seca, carreira de pés grandes etc.

## Primeiras confirmacións para a nova edición do Festival Aturuxo

A Asociación Cultural Aturuxeiros de Bravos está a debullar algúns dos artistas que estarán na edición deste ano 2024. A XII edición do Festival Aturuxo será os días 19 e 20 de xullo.

Así, confirmaron que estará a artista focega máis recoñecible e querida da música galega, Ugía Pedreira; a pontevedresa Catuxa Salom, que achegará os seus sons galegos tradicionais reinventados con sonoridades modernas; o grupo compostelá de folk punk galego, Tecor Societário, e Loita Amada, que mesturará rock, punk e música tradicional.

O obxectivo do Festival Aturuxo de Orouro é poñer en valor a cultura galega pois cada edición desta cita reúne a grupos e artistas de referencia no panorama musical tradicional. Este festival conta con entrada e acampada de balde.



**ANIVERSARIO.** Os Aturuxeiros de Bravos organizan para o vindeiro 20 de abril o seu décimo aniversario e peche de tempada de actividades 2023-2024.

Esta cita será ás 13.00 horas no local social de Bravos e contará cunha sesión vermú amenizada por Sandra. Despois haberá un xantar a base de callos, costela en salsa con patacas, tarta de froitos

vermellos, bebida e café. Todo elo por un prezo de 28 euros para os non socios, 23 para os socios, os nenos socios de 4 a 12 anos 10 euros e os non socios 12. Ademais, desde a organización lembran que haberá moitas sorpresas e sorteos de agasallos. Para participar será necesario anotarse por WhatsApp 722 105 850 antes do 16 de abril.

## EN BREVE

**SPRING PARTY.** A Comisión de Festas de Vegadeo 2024 organiza para o vindeiro venres 12 de abril unha festa de primavera, a Spring Party Vegadeo, na que contarán co grupo Olympus e co grupo ideas para animar o baile. Polo momento a comisión non desvelou máis programación, pero si dixeron que "ambos actuarán nos seus respectivos escenarios coas súas impresionantes postas en escena".

**MOSTRAS.** O recinto feiral de Vegadeo acollerá en xuño unha nova edición da Feira de mostras, que este ano chega a súa LIX edición. Esta feira celebráranse os días 6, 7, 8 e 9 de xuño e previsiblemente contará con polbeiras, xogos para os máis pequenos e moitas actividades para os asistentes así como os expositores. Para participar será necesario anotarse escribindo a [feriavegadeo@vegadeo.es](mailto:feriavegadeo@vegadeo.es) ou chamando ao teléfono 985 476 003.



## riotorto

## A Feira do Ferro será o vindeiro 21 de abril



A XV edición da Feira da Artesanía do Ferro volverá este ano celebrarse o 21 de abril. A organización do evento fará público o programa no mes de marzo pero espérase que novamente conte con demostracións en vivo de oficios, nas que haberá pirogravado, torneado de madeira, cestería, alfarería e cristal tallado ademais da artesanía do ferro e os obradoiros infantís. Normalmente esta celebración conta tamén con outro tipo de espectáculos musicais e postos de comida durante todo o día no que é un dos días grandes de Riotorto.

**TRADICIÓN.** A Feira do Ferro que se celebra en Riotorto dende o ano 2007 no mes de abril é un gran encontro, un dos piares clave da súa economía. Xurdiu a iniciativa de catro amigos que en 2006 comezaron a pensar en como promover a súa profesión.

Na actualidade na zona de Riotorto hai aproximadamente unha ducia de persoas facendo pezas de ferro,

pero a súa situación non é sinxela. “Séguese consumindo moito ferro, séguense demandando pezas para o monte e para as plantacións, ademais de utensilios sinxelos para as casas, pero comparado con hai anos vai descendendo. En tódolos sitios unha ferramenta manual fai falla, o sector das ferramentas é necesario, pero a artesanía non pode competir cos prezos das fábricas”, din dende a asociación. O proceso que fan os ferreiros é moito máis laborioso e custoso, polo que se encontran cunha problemática, “existe un círculo vicioso no campo, a xente que demanda as ferramentas tamén ten problemas para vender a súa produción. É unha cadea, se eses prezos están baixos nos temos que baixalos para que poidan acceder ás ferramentas. Se non hai cartos móvese todo con dificultade. Se encontran un coitelo por dous euros cómprano, pero logo tamén ven que a calidade non é a mesma”.

## Continúa en abril en Riotorto o servizo de podoloxía

O Concello ofrecerá o día 10 de abril unha sesión do servizo de podoloxía dirixida a todos os veciños. O servizo ten un prezo de 15 euros.

Para poder acceder a este programa unicamente é necesario estar em-

padroado no Concello e pedir cita previa nos servizos sociais municipais ou no teléfono 982 346 222. As sesións repetiránse varias veces durante o ano, tal e como anunciaron dende o Concello.

## Subastan unha parcela na parroquia de Meilán

A Delegación de Economía e Facenda de Lugo vai proceder á venda dunha parcela da concentración parcelaria de Meilán mediante poxa pública, segundo informou o Concello de Riotorto. Trátase dunha parcela afectada pola expropiación do parque eólico que ten unha superficie

de 22.000 metros cadrados e un prezo de 4.632 euros. Aquelas persoas que desexen participar na poxa deberán presentar a súa oferta en sobre pechado con prezo á alza antes das 13.30 horas do 5 de abril. Deberán ser entregadas na Delegación de Economía e Facenda de Lugo.

## O BNG de Xove pide analizar posibles melloras na piscina

O BNG de Xove presentou varias mocións no pasado Pleno municipal sobre posibles melloras na piscina xa que é unha instalación que leva en activo case 37 anos.

“A piscina municipal de Xove, en funcionamento dende o ano 1988, destaca na comarca pola excelencia e variedade dos servizos proporcionados polos profesionais que alí traballan”, dixo Pilar Vázquez Sánchez, concelleira do Grupo Municipal do BNG, “polo que é necesario facer melloras nunha infraestrutura como esta”.

Así, Vázquez Sánchez instou ao Goberno local a analizar a renovación integral do chan exterior da piscina, a analizar se é necesaria a renovación de tacos de saída para competición e das vendas da instalación, así como, a conversión do vaso da piscina. Todas estas mocións foron aprobadas por unha unanimidade. Miguel X. García Rodríguez, concelleiro do Grupo Municipal do BNG, preguntou pola normativa que decide que pasos de peóns conteñen sinal acústica



e cales non. Tamén citou que “son numerosos os veciños que nos trasladaron a problemática dos sensores dos semáforos que dan acceso á avenida de Deputación (chegada da Rigueira, chegada de Sumoas, chegada de Agramonte). Non sendo os sensores efectivos con bicicletas e motocicletas e polo tanto nulos”.

O rexedor, Demetrio Salgueiro, respondeu que son conscientes de que existe un problema coas motos e bicicletas que non se

detectan, informando que contan con instalar un novo sensor antes de ter que levantar o pavimento, “xa que o problema xurdiu logo dunha mellora no pavimento na que o cable quedou máis soterrado e non capta os vehículos”. No relativo á sinal acústica dixo que “no seu momento o criterio para a instalación dos semáforos acústicos, foi a solicitude dun veciño da vila na que se definiron os semáforos que precisaban ditos elementos acústicos”.

## O Concello segue co seu plan de loita contra as raíñas de velutinas

O Concello de Xove novamente ven de iniciar nesta campaña 2024 o trampeo profesional antivelutinas a través de un contrato coa empresa Serpa, a cal xa coas actuacións de anos anteriores conseguirá reducir notablemente os niños de velutina. Este ano a empresa ven de instalar entre o 16 e o 19 de marzo sobre unhas 400 trampas xeolocalizadas e repartidas por todo o termo municipal para capturar reinas de velutinas que son as que fan agora en primavera os niños.

“É o momento de colocar estas trampas porque así, capturándoas, podemos evitar uns 3 niños que pode facer cada unha delas e uns 25.000 ovos que chegan a poñer na súa vida útil”, din desde o Concello. As accións de trampeo en Xove prolongaranse ata xullo e levaranse a cabo unhas 6 reposicións de líquido atraente nas mesmas durante estes meses dando lugar a un total de 2.400 reposicións que fan que as trampas estean funcionando permanentemente. Se o anterior é importante, para



continuar con esta loita de erradicación tamén hai que ter en conta á poboación local, a cal pode axudar moito a esta loita colocando as súas propias trampas.

“A redución do número de niños é notable cando se realizan ben os trampeos, podendo ser dun 75 % de niños menos se se fai ben este labor, polo que se pide colaboración aos veciños”, sinalan desde o Concello, “preténdese que a xente saiba autoprotexerse ante a aparición de niños na contorna familiar, posto que os niños primarios que saen agora ao

principio sempre comezan a colocarse a baixa altura e aconsellase colocar trampas tamén nos xardíns para evitar que as reinas constrúan eses niños cerca das vivendas”.

Con este fin tamén está previsto que persoal de Serpa se desprace ao Concello esta tempada, “e instale un posto no cal poida repartir gratuitamente trampas entre os veciños e veciñas que se interesen, á vez que asesoralos en todo o tema relacionado co trampeo para a loita contra a velutina”, engaden desde o equipo de Goberno local.



## 28 estudantes do College Lucie Aubrac visitaron o municipio

Un total de 28 estudantes do College Lucie Aubrac da comuna francesa de Villemandeur, localizada na rexión centro do departamento de Loiret, a algo máis de 100 quilómetros ao sur de París, estiveron de intercambio co IES Illa de Sarón de Xove e o IES de Foz. Deste grupo, 13 están asentados en Xove.

Loxicamente, tal como sucede nun intercambio deste tipo, dende o IES Illa de Sarón se lles preparou un amplo programa de actividades: foron á Pastoriza, onde aprenderon e practicaron xogos tradicionais e *paintball*; visitaron a fábrica de Sargadelos, o Paseo dos Namorados, o Barco Museo de Burela e tamén



visitaron a lonxa; foron a Santiago onde viron a catedral e o Museo do Pobo Galego; pasaron o día en Xove, visitaron Viveiro e pasarán o día coas familias aco-

lledoras.

Este intercambio completárase coa viaxe a Francia que realizarán os nenos de Xove e de Foz na segunda semana de abril.

## Comezan as actividades de primavera no municipio

A Concellería de Servizos Sociais e a de Medio Ambiente organizan unha quedada para levar a cabo unha recollida de impropios na zona costeira. Esta cita será o vindeiro 21 de abril en horario de 11.00 a 15.00 horas. Para participar será necesario a previa inscrición na Omix de Xove ou por teléfono no 982 571 816, antes do 20 de abril.

**IOGA.** O próximo sábado 6 de abril ás 17.00 horas, terá lugar na casa do Director de Xove ou Centro Cultural Agramonte, un curso de ioga para a rapazada. Esta cita deportiva e lúdica está destinada a mozos de 12 a 17

anos e para participar será necesario anotarse na OMIX.

**APICULTURA.** O Concello de Xove organiza un curso de iniciación á apicultura, de 20 horas de duración, para os días 13 e 14 de abril (sábado e domingo) en horario das 09.00 ás 14.00 e o domingo 21 de abril das 09.00 ás 14.00 e das 16.00 ás 21.00 horas. Será na Aula de Formación do Concello de Xove.

Ofreceráse formación teórica e práctica. As prazas son limitadas a 20 persoas e as interesadas deben inscribirse no Concello de Xove antes do 5 de abril.

## “Un fanzine é unha creación moi persoal e con moita imaxinación”

Ramón Mariño fálanos sobre o seu libro dedicado aos fanzines en Galicia

O xovense Ramón Mariño móstranos o universo dos fanzines e o seu percorrido desde 1990 ata o 2005 no seu libro ‘Fanzines en Galiza. Unha breve e intensa historia da autoedición galega’.

### Que é un fanzine?

Basicamente é unha pequena revista de escasa tirada, feita con poucos medios por afeccionados ao cómic, á fotografía e ás artes en xeral. É unha creación moi persoal e cada quen pode facela como lle dá a gana. Pode levar soporte escrito, soporte gráfico, colaxe... pode levar todo o que lle bote a imaxinación.

### O número de fanzines en Galicia é incalculable?

Si claro. Nos anos 90 houbo moitísimos fanzines, pero é que houbo en Mondoñedo, en Ribadeo..., e eu pensaba que só había dous, un que houbo en Xove e outro en Viveiro, pero resulta que contactou comigo un rapaz de Ribadeo e nos anos 90 creaba fanzines, de feito, no seu apareceu o primeiro regulamento da liga nacional de billarda de Galicia. Tamén coñecín a outra persoa de Ribadeo que estivo vinculado a este tipo de publicación e un deles chamábase ‘O Arco da Vella’, e nel publicou xente que hoxe en día ten gran peso na cultura galega. Logo para atopar

fanzines polo resto de Galicia, tiven sorte, pois coñecía unha rapaza que tamén lle gustaba o tema e fixo unha pequena colección de 74, a cal me prestou para crear un pequeno catálogo. A Cidade da Cultura de Santiago conta con fondos bibliográficos, hai xente que ten moitas publicacións e o CSIC en Santiago conta cunha colección que pertencía a Carlos Martínez, que foi o editor do primeiro cómic en galego despois da República e que se chamaba ‘A Cova das Choias’.

### Séguese a facer hoxe en día este tipo de publicacións?

Os fanzines nunca se deixaron de facer, o que ocorre é que segue sendo unha cuestión moi persoal, é dicir, cada quen aporta o que quere e como quere, non se mira o que pon. Ademais de que dá bastante traballo no sentido de que tes que facelo pero non ten beneficio, se acaso cobras algo para cubrir as fotocopias e pouco máis.

### É e era unha maneira de darse a coñecer para os artistas?

Si, xa nos 80 había moita xente que sacaba fanzines porque era unha maneira de darse a coñecer no mundo da escrita e tamén no mundo da fotografía, pero sobre todo no mundo do deseño e do cómic.

### Falemos do libro. Este naceu dunha tese, non?

Si, resulta que eu en febreiro de 2016 presentei a miña tese doutoral que se titulaba ‘Fanzines en Galicia. Época Fraga 1990-2005’ e foi a primeira tese doutoral en todo o país que trataba sobre fanzines e era un traballo, digamos, sobre a parte máis política deles, de feito, a tese presentéina na facultade de Ciencias Políticas.

### Como foi a semente desa tese doutoral?

Tiven dous directores de tese, algo que parece raro, pero é bastante frecuente. Eles foron Xosé Luís Barreiro Rivas e Luis Álvarez Pousa. De feito, foi Luis Álvarez o que me propuxo o tema, pois xa observaba que me gustaba ese tipo de publicacións porque estiveramos falando varias veces sobre o tema. Ademais, eu tamén estivera envolto no mundo fanzine había anos.

### Atopou problemas para comezar a investigar?

Si. O problema principal era que non había moita bibliografía daquela, estamos falando do ano 2009. Había algúns libros, pero estaban feitos por autores autodidactas e estaban bastante ben, o que sucede é que académicamente non serían moi aceptados, xa que estas persoas non tiñan



Fotografía de Cris G. Parga

titulación académica que avalasen os seus libros como traballos científicos, cousa que para min é unha parvada. Entón presentei esta tese e funlle dando corpo gracias a José Ángel Abril, nunca me cansarei de citar o seu nome. É un rapaz estremeño que fixo un Traballo Fin de Máster sobre fanzines en Estremadura. O primeiro paso foi contactar con el, o que foi tamén unha odisea, pero ao final conseguino e falamos durante tempo; e grazas a el puiden perfilar o meu traballo, como facelo e por onde tirar.

### Cal foi o seguinte paso despois de presentar a tese?

Despois dun ano de presentala, pensei en que tiña que facer algo con ela no sentido de que era un bo traballo e non podía deixala nun caixón, o que me levou a falar

cun par de editoriais e, ao final, a de Laiovento, de Afonso Ribas, foi a que me ofreceu máis facilidades.

### Como é o libro?

Procurei que fose un libro curto e fácil de ler. Fun a tiro fixo, a explicar o que é un fanzine, explicar brevemente a súa historia e explicar os diferentes tipos que hai.

### Ten en mente seguir traballando sobre este tema?

Gustaríame seguir facendo xornalismo, que é a miña vocación. Pero tamén me gustaría ampliar esta publicación. Isto é un traballo de investigación continuo. De feito, trala presentación déronme o nome de 3 ou 4 da Coruña que eu non coñecía. Hai que seguir explorando e vai levar tempo, pero se o vou facer, teño que planificalo antes, como quero facelo, por onde quero tirar e con quero falar, etc.



## MAR

## ‘A Carmela, a lancha de salvamento que ninguén salvou’, de Paco Salgueiro

Por Ana Somoza.

O viveirense Paco Salgueiro vén de presentar o seu novo documental ‘A Carmela: lancha de salvamento que ninguén salvou’. Esta curtametraxe recolle a historia da primeira lancha de salvamento na costa de Lugo, a Carmela.

Os numerosos naufraxios ocorridos nas costas españolas deron orixe en xullo de 1971 á creación da Cruz Vermella do Mar, foi ao amparo de Cruz Vermella Española que presidía por entón Francisco Queipo de Llano.

Foi en novembro de 1980 cando chega a Burela A Carmela, a primeira embarcación da Mariña dedicada expresamente a salvamento marítimo. Construída nos estaleiros e talleres Celaya de Erandio en Bilbao. Nesas mesmas datas fíxose entrega da súa xemelga a Ara Solis pero con base en Fisterra. Coa Carmela, chegou tamén a Cruz da Victoria, actualmente depositada no peirao de Luarda e unha semana despois as de Ribeira e a de Cedeira.

“Foi amadriñada por Carmela Arias y Díaz de Rábago, condesa de Ferosa, que aportou fondos para armala en Bilbao a principios dos anos 80 xunto, despois a Fundación Barrié de la Maza aportaba fondos para a súa operatividade durante varios anos, uns 1.800

euros da época”, conta Salgueiro. Asistiron á entrega ou botadura, unha sobriña da condesa, o axudante de mariña de Viveiro, Sabino Collazo; de Ribadeo, Pedro Fernández; e o delegado da Cruz Vermella en Burela, Jaime Costas Rodríguez. Cando empezou os seus labores de salvamento en Burela, A Carmela contaba con tres dotacións de voluntarios, con patrón, motorista e mariñeiro cada unha, tamén foron moitos os veciños que fixeron o servizo militar como voluntarios nela. “Prestou servizo de salvamento durante 21 anos, dende 1980 a 2001, nos cales participou en centos de intervencións auxiliando a naufragos, remolcando buques, apoio en procesións e competicións náuticas, así como tamén en ofrendas florais a naufragos”, engade Paco Salgueiro.

A mediados dos anos 90 a Salvarmar Sargadelos, enviada pola sociedade estatal de salvamento marítimo, asumiu as tarefas da zona e tomou a substitución da Carmela. Así, a partir do ano 2001 foi substituída pola Saturno, e o 24 de novembro do 2001 a Carmela foi enviada a Fisterra para seguir prestando servizos á Cruz Vermella, deixando de estar operativa no ano 2003 por distintas avarías.

Xa no ano 2005 o responsable de Cruz Vermella Burela, Ángel Fer-

nández, xestionou o retorno da Carmela a Burela. E finalmente en xuño do 2021 chegou o seu triste e polémico final co seu desmantelamento.

“Nin Concello de Burela, nin Portos de Galicia, nin Salvamento Marítimo, nin Cruz Vermella nin calquera outra institución foron capaces de rescatar á rescatadora Carmela”, sinala Salgueiro.

No documental Salgueiro recolle distintas testemuñas dos voluntarios que tripularon a embarcación, tamén do señor Roca que presidía a Cruz Vermella cando a lancha chegou a Burela. “Foron moitos, xa que un bo número de veciños fixeron o servizo militar na mesma”, sinala Salgueiro, “nas charlas mantidas faláronme dos rescates e dos múltiples actos onde solicitaron a súa presenza: deportivos, homenaxe a naufragos, procesións marítimas, etc. etc... ao final do documental tamén recollo a opinión de varios veciños sobre o final da Carmela”.

“Con esta montaxe non pretendo buscar culpables do triste final da Carmela, o meu obxectivo quere ser salvagardar a memoria e as experiencias de todos estes veciños que traballaron na lancha de forma altruísta, en beneficio das xentes do mar”, engade, “espero conseguilo”.



## As V Xornadas de pesca con reclamos da Ribeira de Foz serán o 20 de abril

A V edición das xornadas de pesca con reclamos que organiza a asociación A Ribeira de Foz será o 20 de abril e contarán con charlas sobre técnicas, materiais e probas prácticas.

Este evento, que está aberto a todo o público e é gratuito, arrincará o programa ás 11.00 horas con ‘Dentex y Lubina, técnicas e microjigging’. Ás 12.00 será a quenda de ‘15 Años pescando con vinilos. El hoy y el ayer de los señuelos blando’.

Ás 13.30 chegará o remata das xornadas e acto seguido será o xantar de confraternización ao que haberá que anotarse. A organización lembra que ao remate da demostración haberá sorteos de material.



Para máis información haberá que chamar ao 639 282 158 ou 626 309 804.

A asociación A Ribeira de Foz organiza durante o ano diferentes actividades como é o Open de pesca dende embarcación, e que este ano chegará a súa sexta edición.

## A Asociación Pesca Recreativa Burela cumpre un ano de vida

A Asociación de Pesca Recreativa de Burela vén de cumprir o seu primeiro ano de vida coa celebración da súa asemblea xeral e da que din que “afroitan este segundo ano coa mesma ilusión e optimismo que o primeiro día”.

Segundo a súa secretaria, Gloria González, “a síntese deste ano pasa pola peregrinaxe polos distintos despachos e oficinas, tanto de institución como organismos oficiais como Portos de Galicia, Garda Civil, etc. para facerlles ver a nosa posición fronte a unha burocracia ou normativa sen sentido que a día de hoxe seguimos sen entender”.

González sinala que eles tentan facerlles ver que “a pesca é unha actividade de lecer e incluso, en moitos casos, máis terapéutica que moitos tratamentos psicolóxicos e que se vén desenvolvemento ao longo dos



anos, tanto nas ribeiras como nos portos de toda Galicia”.

“Non podemos entender a cantidade de trabas e impedimentos que se nos están a poñer ultimamente para poder levar a cabo a nosa actividade”, engade Gloria.

Así, desde a Asociación de Pesca Recreativa de Burela queren deixar claro que “non queremos loitar con ninguén, pois o único que queremos

é que nos deixen pescar como sempre se fixo”.

Esta asociación naceu en Burela da man de dúas mulleres tenaces e decididas, Ana Argiz e Gloria González, que son parte da directiva xunto con Antón Valdés.

A idea de creala xurdiu para unir esforzos e intentar conseguir zonas autorizadas para poder exercer a súa afección común, a pesca.



# DEPUTACIÓN

## O organismo investirá 3 millóns de euros no desbroce da rede de estradas da provincia

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou un investimento de máis de 3 millóns de euros para acometer as tarefas de desbroce dos 4.217 quilómetros de estradas provinciais. Así o anunciou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen detallou que a licitación do contrato para a prestación do servizo terá unha duración de dous anos, prorrogables por outro.

García Porto subliñou que “a rede viaria da Deputación de Lugo é a máis extensa de toda España e para o seu acondicionamento e mellora destinamos moitos recursos económicos”, lembrando que neste ano 2024 están consignados 20 millóns de euros nos Orzamentos para as estradas provinciais, o que supón un incremento dun 42% no último mandato. Uns recursos destinados a tarefas de mellora, de desbroce, de conservación e de mantemento das vías. Detallou a Deputada que o contrato para os desbroces cuxa licitación aprobou este venres a Xunta de Goberno está dividido en 24 lotes, correspondentes ás distintas zonas xeográficas da provincia, “para facilitar o desenvolvemento máis áxil e eficiente dos traballos”, engadindo que se trata dunha “tarefa fundamental” coa que a Deputación de Lugo “mellorará a seguridade viaria e a comodidade dos condutores, ademais de favorecer a prevención dos incendios”.

## O Plan Deputación repartirá 25 millóns de euros nos 67 concellos

O Pleno da Deputación aprobou por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos propuxeron para executar con cargo ao Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, que nesta anualidade conta con 21,75 millóns de euros. Deste xeito, o Goberno provincial sacou adiante a súa proposta a favor deste programa de investimentos, que inxecta en total máis de 25 millóns de euros de fondos públicos no tecido socioeconómico da provincia, tendo en conta as achegas dos concellos, que superan os 2,5 millóns.

Destacou o presidente da Deputación, José Tomé Roca, que é o cuarto ano consecutivo que esta ferramenta se aproba no primeiro trimestre do ano, permitindo así aos concellos “planificar as súas accións, traballar con máis previsión, aproveitar mellor os recursos e dar unha resposta máis áxil aos veciños e veciñas”. Tamén animou á Xunta de Galicia a poñer en marcha “unha ferramenta similar” para “garantir a equidade” no reparto dos fondos públicos e “evitar usos partidistas” dos mesmos.

A deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, explicou que con este instrumento de cooperación a Deputación garante a distribución dos recursos públicos entre os 67 concellos da provincia “con criterios públicos e obxectivos”, e que os concellos presentaron as súas propostas para investir estes fondos da institución provincial aos diferentes programas: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); reforzo



do emprego; actividades culturais; actividades deportivas; actuacións e eventos turísticos; feiras e mercados; administración electrónica e protección de datos; e protección civil.

Nas peticións das entidades locais teñen prioridade os investimentos, aos que deciden dedicar preto de 17 millóns de euros -case o 70% do total dos fondos-, para acometer 331 obras e subministracións; seguido da creación de emprego, á que destinan 3,7 millóns cos que crearán 301 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que os concellos de menos de 20.000 habitantes reciben 3 millóns para atender a unhas 2.000 persoas.

**ORZAMENTO.** Tamén se lle deu o visto bo a unha modificación do Orzamento da Deputación de Lugo para este ano 2024, mediante Transferencia de Crédito e Suplemento de Crédito, precisamente para poder materializar o Plan Deputación. A deputada de Economía, Recadación e Facenda, Carmela López, detallou

que coa Transferencia de Crédito, se modifican as partidas orzamentarias que estaban consignadas inicialmente no Presuposto para adaptalas ás necesidades manifestadas polos concellos. E, por outra banda, co Suplemento de Crédito, incorpóranse aos Orzamentos algo máis de 10 millóns de euros con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, o que permite que a dotación económica do Plan Deputación deste ano alcance os 21,75 millóns.

Así mesmo, acordouse a incorporación de 4,3 millóns de euros de remanentes ao Orzamento deste ano 2024 para “seguir reforzando a cooperación da Deputación cos concellos, e o apoio ao tecido social e económico da nosa provincia, para que poidan manter ou impulsar novas accións que contribúan a mellorar a calidade de vida e o benestar dos veciños e veciñas, así como á dinamización da actividade económica e do emprego, nun contexto que continúa sendo complicado para a cidadanía”, detallou López.

## O Goberno provincial aproba as liñas de axuda ao tecido cultural de base e asociativo

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo aproba cun orzamento de 380.000 euros as bases para a convocatoria de axudas para o tecido cultural de base. A Xunta de Goberno aceptou o procedemento que permitirá as entidades culturais desenvolver actividades culturais e mellorar os locais.

Trátase de dúas liñas de axuda, unha destinada á organización de actividades de promoción e dinamización cultural, cun importe de 255.000 euros, e outra dirixida a financiar investimentos en instalacións e equipamento nos seus locais sociais, de 125.000 euros.

A deputada de Cultura Iria Castro destacou que “este ano mantemos o orzamento da última edición, o que permitirá continuar reforzando o apoio ás asociacións culturais de base, na súa maioría colectivos pequenos que se sosteñen grazas á implicación desinteresada de persoas preocupadas pola cultural, pola lingua e o patrimonio e que cumpren un papel fundamental para garantir o acceso á actividade cultural en todo o territorio”.

Sinalou tamén a importancia destes investimentos que permiten que “os colectivos do rural programen actividades e impulsen tamén estudos, investigacións e iniciativas de posta en valor do patrimonio local”.

As bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia abríndose daquela o prazo para facer as solicitudes.

## Ofrecen case 2.000 prazas para o programa ‘Coñece a túa provincia’

A Deputación de Lugo ofrecerá este ano preto de 2.000 novas prazas no programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, tal como explicou a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, que explicou que a Xunta de Goberno aprobou a convocatoria dunha nova edición desta iniciativa, dirixida a entidades asociativas sen ánimo de lucro de calquera dos 67 concellos lucenses.

“Reeditamos polo tanto este programa, que desde a súa creación hai xa tres anos tivo unha gran

acolida e supón un revulsivo importante para a actividade social e económica da nosa provincia a través da promoción do territorio”, valorou García Porto, quen sinalou, que desde setembro do 2021, máis de 8.000 participantes de 358 asociacións xeraron un retorno económico estimado de máis de medio millón de euros.

Nesta tempada do 2024, cada excursión incluírá como en anos anteriores o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, menú de xantar e entradas e visitas ós

diferentes lugares de interese. Con cada grupo irá en todo momento un guía acompañante.

As visitas serán realizadas por profesionais que contan coa habilitación de guía oficial de turismo de Galicia e polo persoal encargado de atención ó público nos diferentes museos, empresas ou obradoiros sinalados nos itinerarios do programa. As solicitudes para participar poderán formularse durante un prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

### PLAN DE FORMACIÓN



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto aos deputados de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández, e de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, entregou no Salón de Actos do Pazo de San Marcos os diplomas aos empregados e empregadas públicos da propia institución e de 39 concellos que completaron os cursos do Plan de Formación Continua 2023, no que participaron máis de 300 persoas. A Deputación organizou 20 accións, con máis 760 diplomas expedidos, pois nalgún caso cada persoa realizou varias formacións.



# DEPORTES

## A X Media Maratón Ribadeo-As Catedrais terá lugar o 14 de setembro

A X Media Maratón Ribadeo-As Catedrais terá lugar o 14 de setembro. O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, dixo que “desde a organización agardamos que sexan moitas as corredoras e os corredores que se animen a participar nesta nova edición da media maratón. O ano pasado foron máis de 700 os deportistas que a correron e agardamos poder superar esa cifra neste 2024”.

## O Celeiro Club del Mar está a escoller a nova xunta directiva

A directiva do Celeiro Club del Mar de fútbol informou que están a iniciar o proceso para elixir a nova xunta directiva. Así, poderanse presentar as candidaturas ata o 15 de abril.

Para presentar as candidaturas tan só hai dous requisitos, ser socio do club e ser maior de 18 anos. O vindeiro día 15 de abril coas candidaturas presentadas acordarase unha data para amosar os proxectos e realizar a votación.

De non presentarse ningunha candidatura se lle daría unha semana de prazo ás presentacións e despois convocaríase unha asemblea extraordinaria.

## O VI Rallye Mariña Lucense será os días 10, 11 e 12 de maio

A VI edición do Rallye Mariña Lucense, celebrarase este ano os vindeiros 10, 11 e 12 de maio 2024. Está organizada pola Escudería Mix Rallye Sport e é puntuable para o Campionato de Galicia de Rally. O seu primeiro gañador foi Iago Camamaño e o piloto máis laureado é Víctor Senra, con dous triunfos.

A súa base estará no Concello de Viveiro e transcorrerá tamén polos concellos de Xove, Cervo, O Vicedo, Muras e Ourense.

Contan que para esta sexta edición se repitan o gran número de pilotos, que na quinta edición foi de 86 pilotos e 36 escudaría inscritas, entre os que destacaban nomes como os de Víctor Senra ou Alberto Rey, os dous primeiros clasificados do campionato autonómico.

## A fase final da Copa da Raíña de fútbol sala xa ten emparellamentos



A fase final da Copa da Raíña, que se celebrará en Alhaurín de la Torre do 12 ao 14 de abril, xa ten emparellamentos. Así, sete xogadoras da Selección Española (Irene Samper, Melli, Laia Rojo, María Sanz, Vane Sotelo, Silvia e Ari), ademais de Antía Martínez, representante do Bloques Cando Castro FSF, foron as encargadas de extraer as bólas.

Así, nos cuartos de final, os dous equipos galegos, o Pescados Rubén Burela FS e o FSF Castro Bloques Cando enfrontarase ao Atlético Navalcarnero e ao LBTL Futsal Alcantarilla respectivamente.

O Pescados Rubén Burela FS intentará revalidar o seu título que leva na Mariña desde o 2019, e que gañaran por primeira vez no 2013.

## Rematou a XXXV edición do Campionato Municipal de Bolos de Xove



**Por Mario Eijo.**

Rematou a XXXV edición do Campionato Municipal de Bolos de Xove na que ao remate da tirada celebrada no centro social de Vilachá entregáronse os trofeos.

Na liga Sénior Masculina, Arturo Vigo, quen non entraba nas quinielas dos favoritos, volveu a recuperar sensacións e gañou o XVII Campionato absoluto. Segundo foi Francisco Pérez, e terceiro Jordi Meitín, superando a Daniel López nesta última tirada. López tivo que consolarse, ademais do 4º posto final, coa mellor bolada de todo o campionato.

Dentro da liga Sénior Masculina temos un apartado dedicado aos xogadores maiores de 60 anos, a liga de Maiores, dado que os tres xoga-

dores maiores da citada idade que conseguiran máis puntos durante a liga regular teñen dereito a tres premios. Estes foron José González Rodríguez, Arturo Rodríguez Álvarez e Ramón Franco Bermúdez.

Na liga Sénior Feminina, Julia rematou a tempada cunha vitoria imponente, xa que se foi aos 299 tantos, que para súa categoría é unha cifra espectacular. Así, sumou o seu 5º título consecutivo, xa que ao deste ano hai que engadirle os conseguidos nas temporadas 18-19, 19-20, 20-21 e 21-22.

No relativo á liga Sub 16, a vitoria foi finalmente de Jordi Cancelos, que consegue o seu primeiro entorchado na súa categoría, iso si, moi igualada coa súa irmá Naia, que fixo tamén unha temporada imponente.

## A Travesía a nado ría de Viveiro será o 18 de agosto

A Asociación Deportiva Cultural Alboi en colaboración co Concello de Viveiro organiza a Travesía a nado ría de Viveiro o vindeiro día 18 de agosto do 2024.

Esta cita deportiva será unha travesía de 2.250 metros dende Área etnográfica da Insua ata

a praia de Area. Para participar será necesario a previa inscrición a partir do 1 de xuño.

Para calquera dúbida ou consulta, haberá que escribir a [alboiadc@gmail.com](mailto:alboiadc@gmail.com) ou chamar ao 603 348 937.

## A Heroican Race de Ribadeo volverá ter lugar en setembro

Ribadeo volverá acoller o próximo 29 de setembro a carreira de obstáculos Heroican Race. Nesta nova edición, a cuarta, os participantes terán que superar oito quilómetros cargados de obstáculos que poñerán ao límite a súa pericia, a súa destreza e o seu valor.

Os corredores enfrontarase a máis de 30 obstáculos diferentes: porteos, gabias de barro, muros verticais, cor-

da vertical, pasarelas en equilibrio, reptadas, arrastres e diversos obstáculos.

Moi cedo comezará o prazo de inscricións e só haberá que apuntarse a través da web [championchipnorte.com](http://championchipnorte.com). Ademais esta proba está avalada por AOCO (a Asociación de Organizadores e clubs de Obstáculos de España) e forma parte da liga de carreiras de obstáculos.

## San Miguel acolleu o XIII Aberto de billarda de Flores



**Por Daniel Rodríguez Saavedra.**

O XIII Aberto de billarda de Flores disputouse no campo das Valgas de San Miguel con asistencia masiva de palanadores. En total xuntámonos 80 xogadores, 51 homes, 19 donas e 10 cativos.

O actual “Coroceiro” Milio, rematou con 23 puntos o igual que Noé e os dous agardaban ao remate da carreira de Basilio que ía de pleno, mais ó mariñán púidolle a presión e so fixo dous puntos que non eran dabondo e so puido disputalo terceiro posto con Juanki. Así pois nos desempates o resultado foi de Milio dos Remourelle Bulls primeiro, Noé das Troitas Bravas segundo, e Basilio dos Billardeiros Musicais terceiro.

En donas, maxistral xornada de

Vanesa de Castiñeiro Milenario. Con 21 puntos superou a Aroa dos Billardeiros Musicais e a súa compañeira de equipo e líder das donas Cris.

En infantís os Troitas Bravas coparon o podio infantil con Martín Sandonguero, Antía e Alba.

Por equipos, os Troitas Bravas mostraron ser superiores pois contaron con trinta participantes, Billarda Río Miño seguíunos de lonxe e terceiros os Billardeiros Musicais.

O seleccionador Manolo Flores foi o mestre de cerimonia na entrega de premios aos gañadores. Parabéns a tódolos participantes, e aos que fixeron podio. A vindeira xornada será o sábado 20 de abril en Ponte de Outeiro.



# “O requisito para xogar aos bolos é ter ganas de facelo”

## O Club de Bolos Ribatra fomenta a practica deste deporte tradicional

O Club de bolos Ribatra agrupa a xogadores de bolos celtas de Ribadeo, Trabada e Barreiros, e levan arredor duns 14 anos xogando.

“Somos un club de bolos con todos os xogadores federados e que comezamos a xogar porque nos apaixonaba este deporte”, din dende o club Ribatra, “sobre todo somos un grupo de amigos que nos xuntamos, ademais de para xogar, para charlar”.

Este equipo comarcal, con sede en Ribadeo, adestra habitualmente no campo ribadense de Remourelle, aínda que poden presumir de que recentemente construíuse unha en Trabada.

“Temos socios de Trabada que xa poden adestrar nese novo campo”, sinala outro xogador, ao que o alcalde trabadense Rubén García Freije engade “quixemos que contaran cun espazo adecuado que lles permitira practicar este deporte tradicional; preservar a nosa cultura e as nosas tradicións tamén é algo que temos presente”.

Na vindeira primavera, o 7 de abril, comezará a nova liga provincial de bolos celtas que conta

con 6 equipos ou clubs, o Club de Bolos de Xove, Santalla da Pontenova, Santa Marta de Riotorto, o Club Arcasco-Carballal de Meira, O Cadaval de Pacios en Castro de Rei e o Ribatra de Ribadeo, Barreiros e Trabada.

Este deporte tradicional, que se atopa en crecemento, aínda lle falta camiño por andar e xente nova que se anime a practicalo. “Como requisito indispensable para poder xogar, é ter ganas, pois ao final como todos os deportes, é cuestión de practicar e se che gusta practicas”, engaden desde Ribatra.

Este club que engloba a tres concellos da Mariña conta con 19 membros federados aos que o presidente do club Ribatra define “uns bos xogadores e cos que da gusto xogar”.

Para a práctica deste deporte tan só se necesita maña, e por suposto as bolas macizas de madeira e os birlos que teñen unha forma de barrica de viño duns 8 cm de altura, ambos utensilios adoitan ser de buxo e algúns xogadores móllanos antes de comezar a xogar para aumentar o seu peso e contundencia. “No

noso caso, antes facíanos un artesán, pero desgraciadamente finou, e agora temos que mercalos”, sinalan desde o club.

Tamén adoitan precisar unha equipación propia que sufragan “con axudas específicas dos concellos de Ribadeo, Barreiros e Trabada, ao igual que coas cotas dos socios”, explican desde o club.

**CAMPO DE XOGO.** O terreo de xogo adoita ser chan e de terra batida e consta dunha base de lanzamento duns 12 cm de altura e de arredor de 2 metros cadrados, un foxo de caída, que axuda a conseguir maior precisión e forza na tirada, xa que o lanzador retira cara atrás o brazo coa bola para que colla máis inercia e imprímelle un movemento brusco cara adiante. Hai dúas liñas de tanteo, a de 10 metros e a de 20 metros e nesta modalidade son 9 bolos e un deles, o colocado no centro é de cor vermella o cal vale o dobre de punto.

**XOGO.** O obxectivo do xogo é lanzar a bóla contra os bolos para derrubalos e ao mesmo



tempo facer que a bóla e o maior número posible de bolos sobrepasen a liña de tanteo de 10 metros.

Cada persoa do equipo deberá lanzar tres bólas consecutivas así ata que todos os xogadores tiren.

## Abertas as inscricións do IV Trail do Caolín ao Fuciño do Porco



A organización do Trail do Vicedo informou da data da nova edición desta proba deportiva e que chega ao seu cuarto ano.

Esta cita será o vindeiro 19 de maio de 2024 e coma sempre contará con andaina e trail curto de 15 quilómetros e trail longo de 24. “Mantén as características principais de todos os anos pero con variantes nos percorridos para facela máis atractiva aos afeccionados do Trail galego”, dixerón.

Esta carreira de monte está adicada a Natalia Sánchez Pulgar, impulsora deste Trail en 2019 e falecida correndo en 2021.

Para o Trail curto e Andaina ponéranse autobuses para achegalos

á zona de saída 1 hora antes das saídas.

As inscricións xa se poden realizar na páxina web Galitiming ata o martes 14 de maio ás 22.00 horas, e o prezo da inscrición será de Trail Longo: 18 euros para federados / 20 euros non federados; Trail Curto: 13 euros para federados / 15 euros non federados, Andaina: 6 euros para federados / 8 euros para non federados. Na inscrición vai incluída unha picada final en meta. Establecese un límite máximo de 450 inscricións.

Tamén hai posibilidade de inscribir acompañantes só para a comida final por un prezo de 5 euros por persoa.

## As pistas da Veiga acollerán unha proba do I Circuito Galego de Marcha Atlética



As pistas de atletismo da Veiga acollerán o vindeiro 21 de abril a terceira das probas do I Circuito Galego de Marcha Atlética 2024. A Federación Galega de Atletismo organiza este campionato.

Así, esta cita que xa comezou o 4 de febreiro co Campionato Xunta de Galicia de Marcha en ruta e o 24 de marzo co Trofeo Marcha en Ruta Concello de Ames 2024, seguirá o domingo 21 de abril co Trofeo Marcha en Pista 2024 de Cervo.

As seguintes competicións serán o Trofeo Marcha en Pista de

Santiago o 4 de maio, e o XI Trofeo Memorial Josefina Romero de Marcha Atlética da Coruña o 18 de maio.

En cada proba e categoría puntuarán os dez primeiros atletas clasificados. Os 3 clubs con maior puntuación entre todas as categorías, tanto en homes como en mulleres, recibirán un trofeo. E os 3 atletas con maior puntuación por categoría tamén recibirán unha medalla. A categoría máster será unha categoría única, de 35 anos en adiante.

## Ribadeo acollerá a Gladiator Family o 28 de abril

Ribadeo acollerá a Gladiator Family con carácter solidario o 28 de abril. Esta carreira está dirixida a nenas e nenos de 3 a 11 anos e o diñeiro das inscricións será doado á Cruz Vermella de Ribadeo.

A proba terá lugar o 28 de abril a partir das 12.00 horas na praza de España e nenas e nenos, acompañados dun adulto, desfrutarán dun día en familia facendo deporte, no que se enfrontarán a distintos obstáculos en dous percorridos, un de 500 metros para as idades comprendidas entre 3 e 5 anos, e outro de 900 metros para nenas e nenos de 6 a 11 anos. Ao remate da proba todos os participantes recibirán unha medalla *finisher*.

O custo das inscricións será de 5 euros e poderán abonarse a través de [www.gladiatorraceoficial.es](http://www.gladiatorraceoficial.es). Desde a organización engadiron que A Fundación Mediolanum en España tamén participará na solidariedade da carreira e multiplicará as doazóns que se consigan entre 2.000 e 5.000 euros.



# COLABORACIONES

## Sopa de siglas do noso Sistema Educativo

### O PUPITRE



Julio Díaz

Desde a entrada en vigor da Ley General de Educación ata a aprobación da LOMLOE cualificamos ese espazo de tempo como unha verdadeira “Sopa de Siglas”, tendo moitas dúbidas de que, lonxe de fortalecer o Sistema Educativo, imos retrocedendo na calidade do noso ensino. Unha sopa de siglas que inclúe reformas nos seguintes anos: 1970 LGE, 1980 LOECE, 1985 LODE, 1990 LOGSE, 1995 LOPEG, 2002 LOCE, 2006 LOE, 2012 a LOMCE e 2022 a LOMLOE.

Se se analizan con detemento os cambios introducidos polas distintas reformas acaecidas nas últimas décadas, trátase dunha mera rivalidade entre partidos políticos.

Segundo os expertos, os conti-

nuos cambios desde a Ley General de Educación, xeran descontrol nos centros educativos, nos estudantes e nos docentes; o compromiso co ensino desvanécese pouco a pouco ante un escenario cheo de incerteza e, por suposto, na calidade da Educación, vendo como única saída a formulación dunha Lei estable que admita como cambios as actualizacións curriculares propias do avance da sociedade.

Máis da metade dos españois (un 52 %) pensa que a escola de hoxe é peor que a de antes, mentres que un 55 % opina que os estudantes saen peor preparados, segundo se desprende da I enquisa de Percepción Social da Innovación Educativa, presentada pola Fundación COTEC. Un 74 % pensa ademais que hai alumnos que non queren estar na escola e dificultan a aprendizaxe dos demais e outro 74 % opina que non hai disciplina nin respecto polo docente; segundo se desprende deste es-



tudo realizado en colaboración coa axencia 40dB, para que o que realizaron 7000 enquisas a persoas de máis de 16 anos, entre os meses de marzo e abril de 2023.

Segundo o responsable de educación e formación da Fundación COTEC, Ainara Zubillaga, os resultados da enquisa reflicten “o nesgo do supervivente, aqueles que triunfaron no ám-

bito educativo e non se decatan que o resto das persoas non sempre parten da mesma casa de saída e que antes era máis doado atender ás necesidades que agora”.

Esta percepción negativa que lanza o estudo, que mostra “certa polarización”, contradícese cos datos e as evidencias e que temos un aumento das competencias básicas da po-

boación, non temos tan malos resultados, tampouco moi bos, e o avance nas últimas décadas do sistema é moi significativo, segundo Ainara Zubillaga.

Os principais elementos de mellora que detecta o estudo son: unha lexislación axeitada, mellora das políticas do profesorado e, a maior distancia, mellorar as metodoloxías, tender a unha aprendizaxe máis colaborativa, mellorar a avaliación, etc.

O que máis importa na obtención de mellores resultados académicos, de acordo cos entrevistados, son “os docentes e despois a cultura do esforzo”.

Unha das lecturas que facemos é que temos que mellorar moito como contar o que facemos desde o sistema. Facer pedagogía do noso traballo, afirma Zubillaga.

“Hai moitos debates estériles e dicotómicos que non son certos. O debate público plantéxase en branco e negro e no terreo educativo temos moitos grises” conclúe.

## Facendo camiño ao andar

### SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Houbo un tempo no que se puxo de moda viaxar. E segue a habelo. Houbo un tempo no que se comías con amigos, sempre houbo un que se vanagloriaba de selo máis viaxado. Porque viaxar era sinónimo de status, de posicionarse dentro dun rango alto da sociedade. Houbo un tempo no que na Mariña mirabamos de esguello aos das Rías Baixas que triplicaban e ata quintuplicaban a súa poboación en tempada alta, sen darnos de conta de que estábamos a comezar nós mesmos ese proceso. Houbo un tempo no que acollíamos con simpatía a aqueles catro da meseta que invertían nunha segunda residencia aquí. Agora pasamos a sentir xenreira e mesmo animadversión. Porque non son viaxeiros, a nós tocáronnos a meirande parte de turistas, ou toristas como lles chamaban na taberna, porque sempre fomos

máis finos caos que os bautizaron de fodechinchos, aínda describindoos infinitamente mellor.

Invítanos o libro Roma desordenada a viaxar desde a perspectiva da educación e o respecto. A ser viaxeiro e non turista. Porque coñecer unha cidade nunha soa viaxe é un prantexamento condeado ao fracaso. Unha vila é inabarcable e eterna, non se pode pretender coñecerla nunha vida, e moito menos nunha fin de semana.

As diferenzas atópanse nalgo máis intanxible e podes recoñecer a un viaxeiro ou a un turista estando na túa cidade sentado coa túa familia e amigos. Trátase dunha decisión persoal, de como queremos transitar por algures, ser observador ou participar. Embebedarse dunha cultura e aprender dela ou xulgala de lonxe.

Por suposto que estou a xeneralizar, froito isto do descontento xeral dunha vila que non está loxísticamente preparada para recibir a cantidade de xente que acolle nos últimos anos. E non o digo eu, dino os incesantes cortes nos ministros que sofren os veciños en verán. Contábanme na farmacia

que comezamos fai décadas por arrendar os galpóns para os que viñan de fóra pero pasamos a ver aos veciños mudarse aos galiñeiros para dar casa aos madrileños



na súa maioría. Porque os cartos fan moito, pero non deberan selo todo. E estamos a converter a vila no que fai uns anos detestabamos. Conto isto sendo partícipe dunha anécdota, na urbanización de chálés dos meus tíos, en primeirísima

liña de praia sempre houbo unha taberna, co mellor churrasco da volta e o dono pasou a pechar os meses de verán en canto San Cibrao comezou a acoller a tal

estamos fartos de que nos traten de aldeanos e iletrados, porque o primeiro somos, e con orgullo pero fai moito que comezamos a estudar e aínda que non o fixésemos, fai moito que temos educación. Porque ata Castelao o fixo con sorna, pero vese que desde a capital non son quen de entender os dotes sentidos.

Comecei a Academia indo traballar no coche familiar, un coche grande para unha rapaza noviña, pero que indudablemente sabía conducir, transitaba por unha rúa de sentido único e de fronte viña un señor maior co seu acento de interior facendo aspaventos cos brazos, afortunadamente puideron apartar a unha beira aproveitando un oco no que non había coches estacionados, para baixar a ventá e indicarlle que viña por dirección prohibida, contestoume que “no me entendía, que le hablase bien”, se ve que os sinais de tráfico por alá son distintos, que tampouco os entenden.


E con isto, invito a xente a coñecer a Mariña e o mundo, pero primando a educación e o respecto.

cantidad de turistas, el respondía que debía vivir dos de todos os días, que o inverno era longo e non estaba para perder o tempo e a paciencia polos dous meses de verán. Tratarono por tolo para acabar por darlle a razón. Porque



# De cabaleiros e mafiosos

CULTURA



Rebeca Maseda

**E**n aristocracias de todo o mundo, o rango e o título son primordiais. Ambientada no mesmo mundo que o seu filme homónimo de 2019, a nova serie de Netflix de Guy Ritchie, "The Gentlemen", é un brillante espectáculo sobre legado, familia e as emocións do auto-descubrimiento. Aínda que a serie de televisión conta cun novo elenco de personaxes, o seu concepto céntrase nun mundo criminal similar ao que Ritchie retratou na súa película; polo cal, non é necesario ter coñecemento previo da mesma. A serie comeza en Turquía co capitán do exército Eddie Halstead (interpretado con encanto estoico por Theo James) e o seu equipo realizando controis na fronteira siria. Eddie, de sangue frío e xeralmente afable, permanece tranquilo e sereno cando o chaman abruptamente de volta á casa ante a noticia do deterioro da saúde do seu pai. Ao chegar á suntuosa leira da súa familia, saúda á súa encantadora nai, Lady Sabrina (Joely Richardson), á súa irmá me-

nor Charly (Jasmine Blackborow) e ao seu irmán maior, Freddy (Daniel Ings), coñecido pola súa desastrosa adición á cocaína e ademais, presunto herdeiro da propiedade e o ducado do seu pai. A diferenza da familia real británica, estes aristócratas crean as súas propias regras. Tras a morte do seu pai, Eddie e a familia descubren que el, como irmán menor, herdou o título, a propiedade e todos os problemas e privilexios que trae consigo ser o primoxénito. Desafortunadamente para Eddie, non só ten que lidar co colapso provocado polas drogas de Freddy xunto co seu novo título. Nos días seguintes á lectura do testamento, descobre que os 15.000 acres da familia tamén albergan un sector dun imperio de cannabis masivo baixo a supervisión do encarcerado Bobby Glass (Ray Winstone) e dirixido pola súa filla, a impecablemente vestida e meticulosamente atenta, Susie (Kaya Scodelario). Forzado a honrar o acordo do seu pai coa familia Glass ata que poida calcular unha estratexia de saída, Eddie atópase cunha serie de personaxes erráticos e absurdos. Desde o astuto Stanley Johnston (Giancarlo Esposito), un multimi-

llonario estadounidense decidido a comprar a mansión Halstead, ata unha volátil organización criminal con sede en Liverpool di-



rixida por unha aterradora figura relixiosa chamada "The Gospel". Nada na formación militar de Eddie podería telo preparado para navegar no mundo de Susie. Con todo, a pesar dos tiroteos, as traicións e os ataques con machete, Eddie dáse conta lentamente de que vivir a vida de gánster podería ser unha contorna na que prosperar. A actuación de James como Eddie funciona case como a dun home recto. É un piar de calma no me-

dio do caos constante, razón pola cal "The Gentlemen" ten tanto éxito. Iso si, a medida que un desafío solucionado crea outro, a súa disposición tranquila transfórmase en algo máis sinistro. Intrigado por Susie e a súa capacidade para facer as cousas e manter un próspero negocio de cannabis, cada un ten formas distintas de resolver problemas aínda que se atopan interesados o un no outro, mesmo cando a sospeita tingue a crecente química entre eles. Xestionar os activos da súa familia e o interese dos Glass é unha cousa, pero Eddie tamén descobre que podería non ter a paciencia para manter ao seu irmán maior baixo control. Eddie perde tempo e enerxía limpando as travesuras e bobadas de Freddy mentres tenta desentrañarse do mundo da criminalidade que, por outro lado, segue atraéndoo. As hilarantes e grotescas travesuras do herdeiro desprezado que involucran un disface de pito no primeiro episodio da serie, volven para morder á familia no último, "O Evanxeo segundo Bobby Glass", case custándolle a Eddie todo o traballo por manter o equilibrio. Aínda que Freddy parece predestinado a arruinar todo o que Eddie lle encarga, o irmán menor nunca deixa

de protexer ao maior. Ademais dos seus escenarios absurdos e a gran cantidade de personaxes desagradables, a estilización de "The Gentlemen" engade diversión e capricho á serie. Desde os espazos pintorescos e o vestuario ata o uso de texto escrito en pantalla que axuda ao público para manterse ao tanto dos diversos acordos, persoas e plans esbozados. O espectáculo desenvólvese como unha cegadora rede de tumultos que mantén ao espectador absorto durante os seus oito episodios. Entretida, con travesuras, tramas e violencia sanguenta, "The Gentlemen" soluciona os problemas que afectaron á súa predecesora cinematográfica, incluíndo algunhas das representacións racistas, mentres se adhire ao estilo característico de Ritchie. Ningún dos criminais da serie está atado a un alto terreo moral; fan o que é mellor para eles e para as súas respectivas empresas, mesmo se iso significa apuñalar aos aliados por detrás. Para Eddie, isto significa abrazar o poder da súa sinistra ascendencia e penetrarse nunha escuridade que nin sequera sabía que posuía... Crédeme... para non perdela!!!

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
 Concello: 982 55 80 01  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
 Concello: 982 12 40 02  
 Garda Civil: 982 12 41 94  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
 Concello: 982 58 60 00  
 Policía Local: 982 58 62 11  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
 Concello: 982 55 77 77  
 Policía Local: 615 52 10 52  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
 Concello: 982 14 00 27  
 Policía Local: 982 13 36 40  
 Garda Civil: 982 14 04 44  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
 Concello: 982 12 10 06  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
 Concello: 982 52 40 03  
 Policía Local: 982 50 70 40  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
 Concello: 982 55 91 09  
 Garda Civil: 982 56 10 39  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
 Concello: 982 34 22 77  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
 Concello: 982 12 86 50  
 Policía Local: 982 12 86 50  
 Garda Civil: 982 12 80 48  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
 Concello: 982 34 62 22  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
 Concello: 982 13 50 11  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
 Concello: 982 57 40 00  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
 Concello: 982 59 00 02  
 Garda Civil: 982 59 01 81  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
 Concello: 982 56 01 28  
 Policía Local: 982 56 29 22  
 Policía Nacional: 982 56 17 11  
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
 Concello: 982 59 20 01  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085  
 Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
 Dirección: Diego E. García Puente  
 Teléfono: 661 464 323  
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com  
 Impresión: Tameiga Publicacións SL  
 Dep. Legal: LU 5-2019  
 ISSN 2660-4493



## DE RUTA EN RUTA

# Ribadeo: ruta dos miradoiros

Un percorrido que non posúe moita dificultade polo que é accesible para todas as idades

O traxecto desta ruta transcorre por algúns dos espazos máis emblemáticos de Ribadeo. Seguindo o seu percorrido paséase polas rúas do centro histórico da vila, e permite gozar de paisaxes de extraordinaria beleza, tanto na ría como na costa.

Ten unha lonxitude de case 12 quilómetros que poden percorrerse a pé, en coche ou en bicicleta, xa que está pavimentada na súa totalidade. A ruta parte da Praza de España e continúa pola rúa Trinidad con dirección á Obispo Veres. Logo, á man dereita, atópase o miradoiro da Atalaia e a capela do mesmo nome, a máis antiga de Ribadeo.

Regresando pola mesma rúa báixase polas antigas escaleiras de Martínez para situarse na rúa Antonio Otero. Alternativamente, e sen tomar esas escaleiras, tamén se pode optar por descender pola rúa Amando Pérez en dirección á ría, seguir o paseo marítimo cara á esquerda polo porto deportivo de Porcillán e subir pola rúa Calvo Sotelo, que conduce directamente ao paseo do Faro.

A través dun ascenso pouco pronunciado, chégase á rúa Viejo Pancho,

dende onde é posible entrar na primeira calexa á man dereita ata acadar a rúa San Miguel. Posteriormente, séguese con dirección ao Cuartel Vello para desembocar na rúa Calvo Sotelo.

Cruzándoa, atopamos o paseo do Faro, que se percorre seguindo o bordo da Ría de Ribadeo a través do

que se poderá gozar dos seus tres miradoiros: a capela de San Miguel, que concede unha excelente vista sobre o porto deportivo; O Cargadoiro, antiga zona de carga de mineral de ferro e a illa Pancha, onde se sitúan os faros antigo e moderno de Ribadeo.

Unha vez acadada a illa Pancha, re-

tornamos polo mesmo paseo do Faro en dirección Calvo Sotelo, para, ao final desta rúa, tomar á dereita a rúa San Roque e así poder observar os fermosos edificios burgueses inspirados na arquitectura indiana de principios do século XX.

Pasada a capela da Virxe do Camiño, a uns 100 metros comeza a sinaliza-

ción do miradoiro de Santa Cruz, que se atopa a 2,5 km de distancia cara ao interior do municipio e á que se chega logo dun ascenso non demasiado pronunciado.

Dende este miradoiro, e xa dende o camiño de acceso a el, pódese apreciar unha excelente panorámica do conxunto da ría de Ribadeo.



## DATOS



4 horas



12 quilómetros



Dificultade media

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO FORMAT**

formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:

[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)

TEL.: 982 513 605